Tendo en conta que a súa renuncia foi ratificada de xeito persoal e expreso ante os membros da Mesa da Cámara na dita sesión, a Mesa, en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, acordou:

1º. Aceptar a renuncia de dona Flora María Miranda Pena como deputada do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña na lista correspondente a En Marea.

2º. Notificarlles este acordo á interesada, ao portavoz do G. P. de En Marea, a Intervención e Asuntos Económicos e aos servizos de Persoal e Réxime Interior, de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce efectos xurídicos dende o día 3 de setembro de 2019.



3º. Notificarlle o presente acordo á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, e ao amparo do artigo 87.2 da Constitución e do artigo 10.1 do Estatuto de Autonomía de Galiza, que permite a posibilidade de exercer, desde o Parlamento de Galiza, a iniciativa lexislativa ante as Cortes do Estado, presenta a seguinte **Proposición de Lei orgánica de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galiza á Xunta de Galiza**, para presentar polo Parlamento de Galiza no Congreso dos Deputados.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A meteoroloxía cumpre unha función relevante para a sociedade, tanto no plano individual como colectivo. As predicións meteorolóxicas teñen moita importancia en aspectos como a saúde pública, a seguridade das persoas e as emerxencias -ao prever fenómenos con grande capacidade destrutiva-, a actividade económica de sectores con grande peso na economía galega, como o pesqueiro, o agrogandeiro, o turístico ou industrial. De feito, segundo os cálculos oficiais os custes de predición supoñen un custe equivalente ao 1% do PIB combinado, porén o retorno económico equivale entre o 2% o 7% do PIB.

No ámbito estatal, a Constitución establece no seu artigo 149.1.20 a competencia exclusiva en relación cos servizos meteorolóxicos. Porén o artigo 150.2 da CE habilita ao Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

que pola súa propia natureza sexan susceptíbeis de transferencia ou delegación. O propio Estatuto de Autonomía de Galiza, no artigo 27.32 relativo ás competencias exclusivas establece que poden ampliarse o abano competencial a través da transferencia por lei orgánica do Estado. É dicir, o feito de non conter o vixente Estatuto de Autonomía de Galiza a referencia á esta competencia non evita que esta pode ser transferida polo Estado.

No ámbito galego, existe desde hai máis de quince anos un organismo - Meteogalicia- encargado de realizar estudos e predicións meteorolóxicas. Así, a pesar dos escasos recursos con que conta e co proceso de desmantelamento ao que se viu sometido, ten acreditada a súa profesionalidade, precisión e fiabilidade.

A realidade é que existe unha demanda social de contarmos con servizo propio de observación, predición e estudo do clima e do tempo. O clima galego rexistra particularidades e especificidades, contarmos cun organismo específico e propio, dotado cos medios necesarios, redundará de maneira positiva no conxunto do pobo galego, non só pola capacidade para podermos realizar unha boa predición meteorolóxica, senón tamén para avanzarmos no estudo en profundidade da evolución do clima e dos fenómenos meteorolóxicos específicos da nosa nación.

Cómpre ter en conta que a evolución do clima nas últimas décadas está a provocar cambios importantes nos fenómenos meteorolóxicos adversos, nas estacións, nas precipitacións, nos episodios de seca, nas temperaturas medias. As previsións para os vindeiros anos sinalan o agravamento desta evolución, e a necesidade de establecer programas públicos que permitan coñecer as súas causas, coa finalidade de combater os seus efectos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O actual contexto de cambio e emerxencia climática fai necesario contar cos máximos instrumentos para a intervención pública por parte da administración galega nesta materia, sinaladamente coas competencias en materia de servizos de clima e meteoroloxía.

Artigo 1. Transferencia dos servizos meteorolóxicos de ámbito estatal situados no territorio de Galiza.

Transfírese á Comunidade Autónoma de Galiza as facultades e servizos de meteoroloxía que dependen do Estado e estean situados en Galiza.

Artigo 2. Condicións de execución das competencias que se transfíren.

1. O exercicio, por parte da Xunta de Galiza, das funcións descritas no artigo 1 debe axustarse aos principios de eficacia e colaboración.

2. A Administración do Estado e a Xunta de Galiza deben facilitarse reciprocamente o acceso e a xestión da información, coa finalidade de posibilitar unha información sólida de todas as variantes meteorolóxicas necesarias para poder facilitar un prognóstico de calidade.

3. A Xunta de Galiza garantirá a prestación dun servizo público de calidade en materia de meteoroloxía que satisfaga as necesidades de información e meteoroloxía e climática do pobo galego.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

### Artigo 3. Traspaso de servizos.

O exercicio das competencias transferidas debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galiza no momento en que teñan efectividade a transferencia dos medios persoais, materiais e orzamentarios necesarios, instrumentando mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado- Xunta de Galiza e o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos.

### Disposición Adicional.

O disposto no artigo 3 deberá concretarse no prazo de seis meses.

### Disposición final.

A presente Lei Orgánica entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2019 10:49:28**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes preguntas para a súa **resposta escrita**:

Fai xa moito tempo que o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, amosa importantes deficiencias na dotación tanto de infraestruturas como de persoal.

A ampliación levada a cabo pola Xunta de Galicia estivo xa no seu inicio marcada por unha mala xestión como o propio retraso da obra. Actualmente, a situación amosase moi lonxe de mellorar e as carencias que deberan ser solucionadas agudízanse producindo un situación insostible tanto para pacientes como para persoal.

O persoal leva bastante tempo manifestándose para que a consellería solucione esta situación que desborda totalmente.

En relación ás infraestruturas resulta especialmente grave a situación na Unidade de Coronaria, que xa tivo que ser denunciado á Inspección de Traballo o estado do chan, por parte do Sindicato Comisións Obreiras, pois supón un perigo tanto para traballadores como para persoas enfermas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Cando ten pensado o Goberno solucionar estas deficiencias?
- Cal é o motivo de manter o chan da Unidade nesta situación?
- Non considera o Goberno que esta situación supón un risco para traballadores e persoas enfermas?





Santiago de Compostela, a 31 de xullo de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 31/07/2019 11:53:38**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes preguntas para a súa **resposta escrita**.

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, que pertence ao Grupo Nosa Terra XXI e que xestiona o Hospital privado do mesmo nome, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo.

Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación das condicións son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora das mesmas para a empresa e un custo para o Servizo Galego de Saúde, xunto cun endurecemento das condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Neste ano, o rexistro dun precurso de acreedores serviu como presión para a negociación dunhas novas condicións que remataron coa aceptación de máis recursos públicos para POVISA.

O Consello de Contas acaba de emitir un informe de fiscalización do concerto, no que advirte literalmente da falta de transparencia no desenvolvemento do proceso de negociación, da non xustificación da forma de cálculo ou do valor estimado do contrato, informacións que unidas á falta de transparencia nas propias contas da empresa ou o retraso no depósito das mesmas en plenas negociacións, resultan bastante alarmantes tendo en conta o gasto que supón este





concerto sanitario para as arcas públicas ou a dependencia que ten a Área sanitaria de Vigo das súas prestacións.

Ademais, o Consello de Contas recomenda ao Sergas facer un análise das prestacións sanitarias que permita unha idónea comparativa co coste por paciente en centros públicos, o que obrigaría a unha maior eficacia e eficiencia na provisión pública da sanidade e por suposto unha maior transparencia, requisitos imprescindibles que non están a facerse.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguintes PREGUNTAS:

- 1) Que valoración fai a Xunta de Galicia da actual situación?
- 2) Ten pensado a Xunta de Galicia seguir renegociando as condicións do concerto con POVISA?
- 3) Que valoración fai a Xunta de Galicia das Consideracións do Consello de Contas?
- 4) Como ten pensado levar a cabo as súas recomendacións?
- 5) Ten coñecemento a Xunta de Galicia sobre a información do gasto na atención pública e privada do Hospital?
- 6) Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a utilización do persoal do hospital e da asistencia sanitaria por parte da empresa, á hora de esixir máis recursos públicos?
- 7) Que valoración lle merece á Xunta de Galicia a redución de camas e instalacións públicas do SERGAS na Área sanitaria de Vigo?
- 8) Non considera a Xunta de Galicia esta xestión económica de POVISA, unida ás longas listas estruturais das que adoce, resultan un indicativo da inviabilidade de manter concertos sanitarios de xeito estrutural?
- 9) Teñen estudado algunha fórmula para non depender do concerto sanitaria con POVISA na prestación sanitaria da Área de Vigo?





Santiago de Compostela, a 31 de xullo de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 31/07/2019 12:36:46**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A falla de previsión na área sanitaria do Complexo Hospitalario de Pontevedra ten provocado esta pasada fin de semana unha situación de colapso nas urxencias do Hospital Montecelo, en Pontevedra.

A orixe deste problema está na xa denunciada falla de suficiente persoal médico nos centros de saúde e nos PAC (como exemplo, no PAC de A Parada, en Pontevedra, só hai 2 médicos -debería haber 3- e, ás veces, cando hai un traslado por emerxencia, só queda un médico). O anterior provoca que as persoas doentes vaian ao servizo de Urxencias do Hospital de Montecelo, incrementando o número de persoas que xa é moita neste servizo, tamén polo peche de camas hospitalarias que acordou a Consellería de Sanidade e que orixina un tapón por non haber camas dispoñibles para as persoas que se atopan en Urxencias agardando para ingresar en planta. A realidade así o manifesta: O pasado venres, as persoas marcadas coas triaxes amarelas (prioritarias) agardaron 6 horas para seren atendidas, chegando a haber 49 persoas pendentes de pasar a un box ás 10 da noite. O mesmo ocorreu o sábado: 61 persoas pasaron por Urxencias entre as 10 da mañá e o comezo da tarde.

Imposible de entender por que a Consellería non abre as camas pechadas e non contrata, de maneira definitiva, máis persoal. Tamén imposible de crer que, segundo o informe que fixo público, o domingo quedasen 11 camas libres de área médica nos hospitais provincial e Montecelo, ademais de 4 camas de coronarias libres, 6 camas para coidados críticos, 15 de obstetricia, 28 de pediatria e 11 camas cirúrxicas. Supoñemos que as dúbidas serían despexadas na visita que o conselleiro fixo a Montecelo o pasado luns.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que ten que dicir o Goberno da Xunta de Galicia do colapso nas urxencias do Hospital Montecelo, en Pontevedra, esta pasada fin de semana?





2. Recoñece o Goberno que a orixe destes colapsos está na falla de suficiente persoal médico nos centros de saúde e na súa decisión de pechar camas hospitalarias polo verán?
3. Cales son os motivos polos que a Consellería de Sanidade non abre as camas pechadas e non contrata, de maneira definitiva, máis persoal médico e sanitario?

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 31/07/2019 13:15:21**

**Julio Torrado Quintela na data 31/07/2019 13:16:01**

**Noela Blanco Rodríguez na data 31/07/2019 13:16:13**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Segundo publicou a prensa no mes de xullo, a Xunta está a implantar un novo modelo de HADO que pasará a ser unha prestación compartida entre Atención Primaria e Especializada e que estará implantado en todo o territorio galego para 2021, prestando servizo os 365 días do ano. Para acadar dito obxectivo, a Xunta disporá dunha dotación orzamentaria de 205 millóns de euros, dos que 2,3 millóns corresponden á partida de persoal para o incremento de 15 equipas sanitarias ata acadar as 60, con 15 contratacións de persoal facultativo e 30 DUEs máis. Ademais, adquiriranse 15 novos vehículos.

Segundo a Xunta esta actuación non vai a supoñer un incremento do gasto sanitario ao acortar a estancia media nos hospitais. E isto é así porque entre os requisitos que deben cumprirse para optar ao HADO está a existencia dun/ha coidador/a principal que se encargue de supervisar todo o proceso na casa e por unha mísera achega de:

- ⑩ **Grado I:** 153 €/mes.
- ⑩ **Grado II:** 268 €/mes.
- ⑩ **Grado III:** 387 €/mes.

Segundo a Xunta, actualmente HADO cobre ao 75% do territorio galego. Ata o de agora, este tipo de atención atende só as zonas periurbanas, quedando o rural sen cobertura, e atende só a determinadas patoloxías e situacións moi concretas. Fóra diso, é a Atención Primaria quen asume o resto de atención domiciliaria (curas, paliativos, enfermidades crónicas), con poucos medios e persoal.



Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta:

1. Que concellos do territorio galego non teñen acceso ao servizo de HADO?
2. Que zonas atenderán os 15 novos vehículos e as 15 novas equipas de persoal?
3. Vaise cubrir a totalidade do territorio rural galego con HADO?
4. Vai contemplar algunha partida orzamentaria para compensar ás persoas coidadoras?
5. Vai ampliar o servizo de Respiro Familiar?
6. Vai aumentar o Orzamento e recursos de Atención Primaria e coordinar con esta a atención domiciliaria?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 31/07/2019 13:57:57**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita**.

A necesidade de infraestruturas e servizos públicos en materia de atención ás persoas maiores e dependentes no noso país é un problema crecente. O avellentamento poboacional non se está a acompañar da dotación de máis recursos públicos. Así, 7.800 persoas agardan en Galicia por unha praza nun centro público.

Neste contexto, cando o edificio do antigo hospital Cíes de Vigo quedou baleiro logo da apertura do hospital Álvaro Cunqueiro un dos usos que se reclamou socialmente foi o aproveitamento por parte da Xunta para colocar nesta infraestrutura un centro de día/residencial para maiores.

O edificio é propiedade da Tesourería, polo que desde o noso grupo demandamos desde o inicio que a Xunta reclamara ao Goberno Central a vontade de seguir facendo uso do mesmo, neste caso para un uso socisanitario.

Cando en maio de 2017 tivemos coñecemento da poxa do edificio Xeral Cíes, instamos á Xunta de Galicia a realizar as xestións necesarias para adquirir o edificio e poder destinar o mesmo a cubrir as demandas sanitarias ou sociosanitarias da zona, garantindo o carácter e a xestión pública das mesmas, así como da propia infraestrutura.

Sen embargo, a Xunta de Galicia desbotou esta idea sen ter nin sequera un estudo e a apesares da elevada necesidade de dispositivos para as persoas maiores.





Agora, unha vez máis vemos como o patrimonio público remata en mans privadas tras o anuncio de que o edificio será usado por unha mutua, en lugar de servir ao interese público e máxime nunha zona na que existe unha gran demanda tanto sanitaria como sociosanitaria por cubrir.

No caso da sociosanitaria, o Sindicato Nacional das Comisións Obreiras, ten calculado que se poderían cubrir ata 98 prazas para persoas maiores e dependentes, destinando a ese uso este edificio, unha necesidade para un área que conta con 88.000 maiores de 65 anos e so 604 prazas en centros e residencias.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Por que desaproveitou o Goberno a oportunidade de ter utilizado o edificio para cubrir as demandas sociosanitarias da zona?
- Que valoración fai o Goberno de que sexa agora unha entidade privada a que finalmente faga uso dunha infraestrutura pública que podería ter sido empregada para uso sociosanitario?

Santiago de Compostela, a 1 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En Marea





**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 01/08/2019 10:50:10**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dende os anos 80, no CEIP Barcelos en Pontevedra hai un transformador eléctrico que, dando servizo a aquel, ao aparcadoiro da praza, aos comercios e ás vivendas que están na zona supostamente fora revisado a finais de 2018. Moitos anos tamén son os que a ANPA do colexio leva pedindo á Consellería de Educación que o saque (ten recibido da ANPA varias peticións de retirada).

A ninguén se lle escapa que un transformador de tensión nun colexio é un perigo. No mes de decembro do pasado ano, cando ían ser as 2 da tarde, comezou a cheirar a queimado, polo que os mestres decidiron sacar aos nenos á praza; 10 minutos despois, rexistrouse un incendio nesta instalación, un cortocircuíto na rede de baixa tensión. Quedaron sen luz a praza de Barcelos, os comercios de toda a mazá e medio colexio. Iso si, o enxeñeiro que compareceu por Fenosa (agora Naturgy) dixo que non había perigo e que o ían arranxar. As verbas foron as seguintes: *“Existe vontade de ambas partes de retranquear o transformador”*, *“O que sucedeu o martes foi un incidente sen gravidade e o transformador é completamente seguro, está perfectamente controlado e cumpre con todos os requisitos de seguridade”* (non hai ningún criterio técnico ou de seguridade que obrigue a retiralo da súa ubicación actual), *“Tería que asumir o custe da obra o solicitante”*.

Segundo esta empresa, era preciso facer primeiro, dende as administracións, unha solicitude formal de reubicación e proposición de novo emprazamento, sendo os técnicos os responsables de analizar a solución a adoptar e, logo de estudar o cambio de situación e elaborar o proxecto técnico para retiralo, sería a Consellería de Industria a que dese a autorización pertinente para a execución da obra, pois foi a consellería a que autorizou a alta deste transformador no seu día.

Pois ben, chegados á final do curso 2018-2019, o transformador segue a estar no mesmo sitio, a obra foi presupostada polo Concello de Pontevedra, pero Naturgy non fixo o proxecto técnico prometido e o Goberno galego mira cara outro lado.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten demandado o Goberno galego a UDF (agora Naturgy) a reubicación e proposición de novo emprazamento con relación ao transformador eléctrico sito no CEIP de Barcelos (Pontevedra) para que sexa retirado do centro escolar antes de que comece o vindeiro curso escolar 2019-2020?
2. Pode afirmar o Goberno que o transformador é completamente seguro, está perfectamente controlado, cumpre con todos os requisitos de seguridade e non hai ningún criterio técnico ou de seguridade que obrigue a retiralo da súa situación actual?
3. Vai autorizar a Consellería de Industria o cambio de situación deste transformador?
4. Ten apelado o Goberno á responsabilidade social corporativa de Naturgy?
5. Aplicou Naturgy o plano de evacuación e seguridade a disposición do centro escolar o día 11 de decembro de 2018?

Pazo do Parlamento, 01 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 01/08/2019 11:38:53**

**María Luisa Pierres López na data 01/08/2019 11:39:06**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/08/2019 11:39:21**







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/08/2019 11:43:43  
**Nº Registro: 53143**  
Data envío: 01/08/2019 11:43:43.300

**Maria de la Concepción Burgo López na data 01/08/2019 11:39:33**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGiYayAXvUy8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A empresa de telemarketing Unitono Servizos Externalizados situada no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello de San Cibrao de Viñas (Ourense), dá traballo na actualidade a 130 persoas, a maior parte delas mulleres. Esta empresa leva prestando nos últimos dez anos dende esta plataforma, o servizo de atención telefónica ao cliente de Naturgy.

No mes de abril dende o Grupo Parlamentario Socialista coñecemos a través do Comité de Unitono Ourense, que a empresa podía estar xa comezando un proceso de deslocalización do servizo de atención ao cliente a Cataluña e a Colombia, motivos polos cales xa convocou paros e mobilizacións para frear o que podería ser un duro varapau para máis de 130 familias. Cunha repercusión moi importante para unha provincia na que hai moitos factores que seguen lastrando o seu tecido sociolaboral, por exemplo a taxa de actividade, que queda no 47,7 %, a máis baixa de España, moi por baixo da media galega (53,0 %) e española (58,6 %), e a taxa de ocupación que é dun 41,5 %, o que nos sitúa á cola de España onde a media é de 50,1 %, e tamén é a máis baixa de todo Galicia cun 46,6 %.

Observando a situación dos últimos meses, e tras a apertura por parte da empresa dun centro en Cataluña onde atenden as mesmas chamadas que en Ourense, está a tentarse baleirar de traballo este centro para que as chamadas sexan atendidas dende Cataluña ou Colombia, co obxectivo de abaratar custos e destruír emprego. Por outro lado, tendo en conta que gran parte das persoas usuarias dos servizos de Unitono Ourense son galegas, o feito da súa deslocalización impediría, de facto, que puidesen seguir recibindo atención na nosa lingua.

Preocupados por esta situación, o 30 de abril realizamos, no Pleno do Parlamento de Galicia, unha pregunta urxente na que o Goberno galego se comprometeu a manter os contactos precisos coa empresa Naturgy para evitar a deslocalización desta empresa.

Este tipo de situacións véñense repetindo estes últimos anos no sector do telemarketing, sufrindo as traballadoras a presión da deslocalización dos servizos



a países con salarios máis baixos, o que provocou centos de despedimentos en moitas compañías (en Galicia, por exemplo, en Atento ou Extel), ademais a situación de precariedade laboral que se vive no conxunto da sociedade, é aproveitada por estas empresas para ofrecer menos garantías laborais ao seu persoal. De feito, a continuidade en Ourense da propia Unitono Servizos Externalizados leva anos en risco, sufrindo o seu persoal xa o ano 2013 un ERTE.

En plena época estival, recentemente tivemos coñecemento de que Naturgy decidiu non contar con Teleperformance co obxectivo de deslocalizar parte dos servizos que presta esta empresa na Coruña cara Colombia. Esta situación fai que se incremente aínda máis a preocupación dos traballadores e traballadoras da empresa de telemarketing Unitono Servizos Externalizados situada no Parque Tecnolóxico de Galicia, por sufrir o mesmo destino.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Púxose en contacto a Xunta de Galicia nos pasados meses con Naturgy, para interesarse polas intencións da empresa de deslocalizar o seu servizo de atención ao cliente situado no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas?
2. En caso afirmativo, adquiriu Naturgy algún tipo de compromiso de mantemento desta actividade?
3. Reclamoulle nos pasados meses a Xunta de Galicia a Naturgy, o mantemento dos postos de traballo do seu servizo de atención ao cliente situado no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas?
4. Mantivo recentemente o Goberno galego reunións co comité de empresa de Unitono?
5. Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir o mantemento dos postos de traballo da empresa Unitono, situada no Parque Tecnolóxico de Galicia no concello ourensán de San Cibrao das Viñas?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha durante a X lexislatura, un plan concreto para o sector do telemarketing, para garantir o mantemento dos postos de traballo na nosa comunidade autónoma?
7. En caso afirmativo, cando ten previsto poñelo en marcha?

Pazo do Parlamento, 01 de agosto de 2019





**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 01/08/2019 11:41:04**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2019 11:41:13**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/08/2019 11:41:28**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A Plataforma ProCAPD de Ourense segue loitando pola creación dun centro público que garanta a cobertura das necesidades educativas das persoas con diversidade funcional, maiores de 21 anos, pois Ourense é a única provincia que non conta cun recurso destas características. Dende En Marea sempre se asumiron as xustas reivindicacións da Plataforma ProCAPD, difundindo e traendo en diversas ocasións iniciativas ao Parlamento de Galicia e tamén participando nas rúas nas mobilizacións convocadas.

Despois de case tres anos, a Conselleira de Política Social, Fabiola García, falaba este martes, na comparecencia de presentación do Centro de Atención a Persoas Discapacitadas (CAPD) na delegación provincial da Xunta, dun “proxecto moito máis longo do desexable”, mentres as nais e pais integrantes da Plataforma cualifícanos como un proxecto cheo de dúbidas, prazos e peticións incumpridas.

Así, a Conselleira explicou que o proxecto contempla un total de 110 prazas (80 de carácter residencial e 30 en centro de día), levando aparellada a creación de 46 empregos. Refire así que o centro garantirá “un servizo da mellor calidade”. Dende a Plataforma ProCAPD cuestionan o feito de que, cando lles ofreceran o proxecto para facer o centro en Mariñamansa, souberon que non ían ofrecer servizo de cociña, entendendo que para un coidado axeitado, usuarios e usuarias do centro precisarán un persoal fixo.



A rateo de persoas non convence ás familias afectadas, igual que o feito de que a Conselleira non disipara de xeito tallante as dúbidas sobre se o centro será xestionado ou non de forma pública.

Nun desprezable exercicio de cinismo, García aludiu na comparecencia a que garantía que “se prestará o mellor servizo e de calidade, que é o que precisan as persoas con discapacidade e demandan as súas familias”. Non aportou máis datos, nin no relativo ao laboral, nin ao de xestión.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto formula as seguintes preguntas:

- Terá Ourense un Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) público, coas prazas e condicións demandadas pola Plataforma ProCAPD dende hai máis de tres anos, e que foi obxecto de compromiso público en 2016 por parte de todos os grupos concorrentes ás eleccións galegas?
- Que opinión ten a Xunta da discriminación á que someten dende o goberno á provincia de Ourense, sendo a única sen un equipamento destas características?
- Cando se licite a obra do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD), convocará a Consellería tamén as prazas de persoal que traballará no centro?
- En que criterios se basearon para entender que a creación de 46 empregos sería unha rateo suficiente para atender con calidade as 110 prazas coas que estiman, contará o centro?

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Davide Rodríguez Estévez



Deputada e deputado do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 02/08/2019 09:41:37**

**Paula Vázquez Verao na data 02/08/2019 09:41:43**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A recentemente aprobada Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia evitou entrar no debate específico dos baremos de concesión de oficinas de farmacia, a pesares das posicións amosadas por diversos grupos políticos e colectivos relacionados, que suxerían a oportunidade de afrontar tamén a revisión dese baremos para adecualo ás realidades e á actualidade.

O baremo existente para a concesión de oficinas de farmacia está sendo discutido, tamén a partir da última resolución do concurso público que se rexeu por el, por diversas cuestións. Entre elas, existen algunhas reclamacións referidas á valoración das cuestións sobre análises clínicas, área de especialidade de varios profesionais do eido farmacéutico que vén prexudicada a súa formación e experiencia.

A citada Lei 3/2019 inclúe as funcións das oficinas de farmacia, e entre elas a 12.i indica “*Realizar análises clínicas e outras funcións profesionais ou sanitarias que, por estaren recollidas en normas específicas e conforme ao disposto nelas, poidan ser desenvolvidas polo/a farmacéutico/a de acordo coa súa titulación e especialidade.*”

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galicia non ten modificado o baremo para concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia no referido ás análises clínicas?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar o baremo para concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia?





3. Considera a Xunta de Galicia que o actual baremo para concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia é xusto?

Pazo do Parlamento, 01 de agosto de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 02/08/2019 10:01:25**

**Noela Blanco Rodríguez na data 02/08/2019 10:01:36**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, , Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a adscrición universitaria das ensinanzas artísticas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Desde hai anos, alumnado e profesorado das ensinanzas artísticas superiores de Galiza vén reclamando a adscrición destes estudos ao Sistema Universitario Galego.

Durante esta lexislatura, todos os grupos parlamentarios tivemos encontros con representantes da comunidade educativa dos centros que imparten estes estudos nos que se nos instou a impulsar, no exercicio das competencias que Galiza ten recoñecidas, a integración das ensinanzas artísticas no SUG. Tamén a Xunta de Galiza é coñecedora de primeira man desta demanda.

No noso país contamos, a día de hoxe, con catro Escolas de Artes e Superiores de Deseño (EASD): a Antonio Faílde de Ourense, a Pablo Picasso da Coruña, a Ramón Falcón de Lugo e a Mestre Mateo en Compostela; alén dos CMUS, da Escola de Arte Dramática (Vigo) e a Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais en Pontevedra.



Recentemente a Universidade de Vigo anunciou a creación dun novo grao universitario en Deseño e Creación no Campus de Pontevedra que, previsibelmente, estará en funcionamento a partir do curso 2020/2021. Esta información reavivou o debate sobre a adscrición e integración universitaria das ensinanzas artísticas xerando inquedanzas entre a comunidade educativa dos centros con estudos superiores semellantes.

O debate sobre a adscrición universitaria das ensinanzas artísticas non é novo nin exclusivamente se produce no noso país. Neste senso, o marco normativo actual prevé esta posibilidade. Así o recolle no artigo 11 a Lei Orgánica de Universidades (LOU) e o artigo 58 da LOMCE.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Apoia a Xunta de Galiza a adscrición e integración das ensinanzas artísticas no Sistema Universitario Galego?
- Que medidas ten adoptado ou prevé adoptar o Goberno galego para impulsar a súa adscrición?

Santiago de Compostela, 02 de agosto de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**  
**Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**  
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/08/2019 10:29:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/08/2019 10:29:15**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/08/2019 10:29:26**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/08/2019 10:29:36**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/08/2019 10:29:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/08/2019 10:29:56**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena e Antón Sánchez García**, deputada e deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita**.

Recentemente realizouse un dragado no Porto de Cariño tras múltiples demandas da poboación local e do sector que depende socioeconomicamente do mar. Malia que ese dragado se considera necesario, existe preocupación por parte da poboación dado que é coñecido que a ría do Ortegaleira é un depósito habitual de metais como o níquel e o cromo, entre outros, en elevadas concentracións.

É ben sabido que o complexo xeolóxico de Ortegaleira é rico nestes minerais. E non se pode obviar que nunha das parroquias do Concello de Cariño, Landoi, sitúase unha mina de explotación de dunita a ceo aberto, mineral que é transportado por terra a diario, utilizando o transporte pesado ata o Porto de Cariño, onde se acumula para o seu posterior traslado por mar a fundicións.

Existen outros elementos que preocupan á poboación, como a alarmante e evidente diminución de determinadas capturas de especies, en especial dos bivalvos, nas áreas de marisqueo como Sismundi e Figueiroa, constatados nos rexistros da Consellería do Mar (Intecmar, Pescadegalicia). Así, por exemplo, dun total de 5849 quilos de ameixa fina recollidos no 2001 pasouse a 685 no 2019. Se observamos outras especies, como o berberecho, pasouse de 4120 no 2006 a 220 quilos no 2013, non recolléndose ningún quilo na actualidade. No que respecta á ameixa xaponesa as capturas decreceron de 14.000 quilos a 82 entre os anos 2001 e 2018.





Os e as habitantes do concello de Cariño identifican cambios morfolóxicos no calado da ría tremendamente substancial: presenza de lodos en Feás e Sismundi e en todo o interior da ría, de modo que lugares onde se teñen construído e botado barcos (carpinterías de ribeira) xa non resultan accesibles ás embarcacións. O depósito de sedimentos cobre o fondo mariño, que sufríu un empobrecemento ostensible.

Outra circunstancia a valorar no estado de conservación medioambiental da ría é o depósito dos residuos tóxicos e perigosos (Prestige e outros) no concello veciño de As Somozas, por onde transcorre o río Mera, que drena tamén á ría do Ortegal.

O pasado ano, no Congreso da *Asociación técnica de puertos y costas*, unha ponencia facía alusión literal ao “Dragado del Puerto de Cariño: Caso de gestión de materiales de categoría C con anomalías geoquímicas”. Revisando as “Directrices para la caracterización del material dragado y su reubicación en aguas del dominio público marítimo-terrestre” do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio ambiente e a Comisión Interministerial de Estrategias marinas, podemos observar como os materiais catalogados como C son considerados tóxicos, e, polo tanto, deben serlles aplicadas técnicas de confinamento e tratamento, así como ser obxecto de vixilancia ambiental.

Debemos ter en conta que, malia que formalmente só se considera “contaminación” (Clark, 2001) aquela que ten orixe na actividade humana, hai que considerar outro enfoque se falamos das repercusións na saúde humana (que é unha das máis relevantes consecuencias): o dos niveis sobre os seres vivos do cromo e o níquel (e outros metais).

A administración estadounidense para o control da atmósfera e os océanos (NOAA) establece dúas medicións de metais nos sedimentos costeiros que se





correlacionan coa toxicidade para os seres vivos, o ERL e o ERM. Pois ben, na ría do Ortegal, estes niveis son de 81 e 370 mg/kg para o cromo e 21-52 mg/kg para o níquel, respectivamente.

“En base a estas referenzas, os seres vivos que vivan na plataforma costeira do Ortegal poderían sufrir danos que afectaran ao 60-90% da poboación. A fin de establecer con rigor a toxicidade deste sedimento, habería que realizar unha extracción secuencial para determinar a labilidade dos metais e realizar experimentos de ecotoxicidade”.

Esta afirmación literal é sostida por un estudio realizado polos investigadores Prego (CSIC) e Caetano no ano 2015 e publicada co nome *El impacto biogeoquímico de Cabo Ortegal en su entorno costero: ¿puede ocurrir una contaminación natural por cromo y níquel?* Investigación, Cultura, Ciencia y Tecnología 7(14): 40-46 (2015), Universidade de Vigo.

Por este motivo, a deputada Flora Miranda e o deputado Antón Sánchez formulan as seguintes preguntas:

-Cales son os resultados en termos analíticos das mostras tomadas con ocasión dalgún verquido polo SEPRONA e por Augas de Galicia nos ríos Seixo, Lourido e Mera?

-Que explicación lle atopa a Consellería do Mar á desaparición de múltiples especies de bivalvos nas áreas de marisqueo de Sismundi e Figueiroa e na ría do Ortegal en xeral?

-Desenvolveuse por parte da Xunta de Galicia algún estudio para coñecer como afecta á saúde das persoas do Ortegal a elevada concentración de Cromo e Níquel?

-Cales son as concentracións de cromo e níquel en aire ambiente?





- Realizouse algún estudio por parte da Xunta de Galicia, tal como recomendaba o CSIC no 2.015, da toxicidade da elevada concentración de metais na ría do Ortegaleira sobre os seres vivos?
- Existe algunha documentación sobre o efecto adicional da mina de dunita sobre os niveis de metais na ría de Ortegaleira?
- Que control se fai das balsas de decantación da mina de dunita ante a posibilidade de desbordamento coa contaminación secundaria?
- Cales son os mecanismos de control medioambiental que teñen sobre a comarca de Ortegaleira a mina de dunita de Landoi e a planta das Somozas?
- Qué valoración fai a Xunta de Galicia da situación ambiental da Ría do Ortegaleira?

Santiago de Compostela, a 5 de agosto de 2019

Asdo.: Flora Miranda Pena

Antón Sánchez García

Deputada e deputado do G. P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**







**Flora María Miranda Pena na data 05/08/2019 11:11:51**

**Antón Sánchez García na data 05/08/2019 11:11:58**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita, sobre a oferta pública de emprego para o ensino.

Se hai uns meses alertamos de que a oferta pública de emprego anunciada pola Consellería de Ensino era insuficiente para dar resposta ás necesidades do ensino público toda vez que non permitiría recuperar as prazas docentes suprimidas coa excusa da crise, nin para recuperar a porcentaxe de persoal interino que tiñamos antes da chegada do Partido Popular ao goberno; coñecidos os resultados dos tribunais constatamos, ademais, que as cifras anunciadas eran, en grande medida, maquillaxe.

Deste xeito, das 2.064 prazas que a Consellería de Educación anunciara que ía ofertar, tan só se cubriron 1.671. Unha cifra inferior á da convocatoria de 2018, na que se adxudicaron 1723 prazas dun total de 2050 ofertadas. Este é o cerne da denuncia que fai CIG-Ensino, que afirma que a maior parte das prazas que fican desertas proveñen da convocatoria de promoción interna ou acceso.

A CIG-Ensino lembra que xa denunciara na Mesa Sectorial na que a Xunta “impuxo unilateralmente a oferta de emprego” que se estaba a incrementar estas prazas máis alá do mínimo fixado pola normativa legal “para poder vender que se superaba novamente a cifra de 2.000 prazas na OPE (oferta pública de emprego)”.





Nas probas de ingreso destacan as **especialidades dos corpos de profesorado de ensino secundario (PES) e de formación profesional (PTFP)**, xa que dun total de 1018 prazas entre ambos corpos só aprobaron 922 aspirantes, ficando sen cubrir 96 prazas, preto dun 10% do total. No caso do corpo de mestres a única especialidade na que non se cubriron todas as prazas volve ser de novo Francés, na que son máis as prazas desertas que as cubertas (38 e 32 respectivamente).

Entre as especialidades **nas que non se cubriron todas as prazas destacan a de Informática**, con preto da metade de prazas sen adxudicar, **FOL, Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos (PES) ou Mantemento de Vehículos (PTFP)**, todas eles con ao redor dun terzo de prazas vacantes. Matemáticas volve de novo a deixar prazas desertas, nesta ocasión cun 19% de prazas sen adxudicar.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes preguntas:

- 1.) Que valoración fai o Goberno galego da elevada porcentaxe de prazas que quedaron sen cubrir?
- 2.) Cando pensa chegar o Goberno galego ao 5% de persoal interino?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea





**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 05/08/2019 12:23:31**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/08/2019 12:23:44**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A necesidade de mellorar a sinalización das bateas en termos de luminosidade é unha reivindicación que leva anos facendo o sector pesqueiro. Isto permitiría que se identificaran os vértices dos polígonos para evitar colisións, xa que estas poden rematar en traxedias como aconteceu o día 26 de abril do ano 2017 na Illa de Tambo.

O informe dos técnicos de Fomento, da Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos, sobre este accidente, do cerqueiro Nuevo Marcos, volve por en evidencia que a falta de ditas sinalizacións luminosas contribuíron a que o barco impactase contra unha batea e se afundira posteriormente.

Xa no ano 2015, a Consellería do Mar anunciaba que estas instalacións contarían con balizas para mellorar a seguridade. Afirmando que en dous anos se instalarían estas balizas.

No ano 2017, en abril, volvía a anunciarse que o plan comezaría de maneira definitiva nos seguintes meses.

Este proxecto estivo orzamentado en varias ocasións, pero, catro anos despois dos anuncios feitos, descoñécense avances.

Recentemente, a Conselleira do Mar, anunciaba que a Xunta de Galicia procederá a iluminar as bateas de cultivo de mexillón da ría de Muros e Noia como primeiro paso, ao recibir xa a autorización da Administración central. Pero non aclara que prazos contemplan para levar adiante o plan no seu conxunto,





algo imprescindible para mellorar a seguridade.

Por todo o anterior, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que prazos contempla a Xunta de Galicia para levar adiante o conxunto do Plan de sinalización luminosa das bateas?
2. Que medidas vai levar adiante para dar cumprimento aos anuncios que fixeron xa no ano 2015 da sinalización no conxunto das rías?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena  
Paula Quinteiro Araújo  
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 05/08/2019 13:19:02**





**Paula Quinteiro Araújo na data 05/08/2019 13:19:15**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre o peche de aulas para o vindeiro curso.

Un ano máis o Goberno galego aproveita o parón estival para anunciar peches de unidades educativas. Esta vez temos que lamentar a supresión de 67 unidades de infantil, primaria e educación especial. Ás que sumar o peche de 6 escolas unitarias máis: as escolas de Educación Infantil de Portocubelo e do Viso no municipio de Carnota; o servizo da EEI do Seixo de Mugar dos, do CEIP da Polveira en Trazo, a EEI de Arcos de Furcos, en Cuntis e o EEI de Zamáns, en Vigo. Todas estas escolas suman 26 alumnas e alumnos que teñen que ser reubicados.

Lamentablemente este xeito de proceder non é unha excepción, senón que se insire no proceso de asfixia que vén padecendo o ensino público, que afecta, de xeito específico, ás escolas do medio rural. Deste xeito, o potencial da escola como espazo de socialización e como dinamizadora das comunidades rurais está sendo ignorado. As medidas que se toman por parte da administración educativa contrádinse manifestamente cunha planificación comprometida coa realidade do mundo rural e cunha liña de ensino de calidade.

Porque non só temos que lamentar peches de centros, senón que a esta situación debemos sumar como outras escolas unitarias do País ven recortados os seus servizos, como no caso de Verducido, onde a comunidade educativa realizou







múltiples protestas durante este curso para pelexar polo mantemento do profesorado e a continuidade da escola.

Tal e como denuncian os sindicatos, ao tempo que a sangría se estende co peche de aulas, a política de corte neoliberal que practica o goberno do PP, cunha concepción mercantilista da educación, tamén alcanza os postos de traballo: serán 62 mestras e mestres menos os que comece o curso 2019/20.

A redución de postos de traballo, superior nun 7% á do curso anterior, levará consigo o despedimento de persoal interino e o desprazamento de profesorado definitivo a outros colexios e terá unha especial incidencia na especialidade de Educación Primaria, na que se concentra máis da metade das prazas suprimidas.

A obriga das Administracións públicas é garantir o dereito de todas as nenas e nenos de Galicia a unha educación cos mesmos estándares de calidade, independentemente do lugar no que vivan, por iso, será preciso apostar pola discriminación positiva cara o ensino no rural de xeito que poidamos paliar o desequilibrio territorial. Deste xeito, cómpre mudar radicalmente a lóxica imperante na política educativa de xeito que se abandone a lóxica economicista para centrarse nunha óptica dos dereitos. Unha nova visión que deberá inserirse nunha planificación global do mundo rural, que se encamiñe ao mantemento de servizos de calidade e xeración de oportunidades económicas como única vía de frear o despoboamento das vilas e pobos de Galicia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a Conselleira de Educación non informou destes peches na súa comparecencia en sede parlamentaria o pasado 25 de xuño?
2. Vai teimar o Goberno galego no desmantelamento do ensino rural?





3. Ten pensado o Goberno galego abordar un plan integral de ensino para o rural?
4. Cando se recuperarán os postos docentes que tiñamos antes da crise?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez  
Ánxeles Cuña Bóveda  
Deputadas do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 05/08/2019 13:59:56**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/08/2019 14:00:11**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputados pertencentes ao **GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Con data de 28 de xuño de 2018 publicábase no DOG a Orde do 22 de xuño no que se establecen as bases reguladoras das axudas ao alugueiro de vivenda do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, convocándose nesta mesma orde a convocatoria para o ano 2018 con carácter plurianual.

A orde que contemplaba dúas liñas de axuda A e B. A liña A é a axuda ao alugueiro para sectores de poboación con poucos recursos económicos e a liña B axuda a alugueiro dirixido a menores de 35 anos.

No día 24 de xullo do 2019, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, publicou a resolución coas persoas beneficiarias e as persoas ás que se lles denegou a mesma.

Porén, na resolución só constan as persoas beneficiarias, tendo unicamente acceso ás persoas ás que se lles denegou a mesma ás causas de denegación a través do seu expediente persoal.

No ámbito parlamentario, isto supón que non se sabe cantas persoas en total solicitaron ditas axudas, tanto na liña A e B e a cantas en total se lle concederon e a cantas se lle denegaron.

Polo exposto, a deputada e os deputados do Grupo Parlamentario Mixto presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1.- Sabe a Xunta a canta xente se lle aprobou a axuda a alugueiro? A cantas persoas segundo cada liña?



2.- Coñece a Xunta o número de solicitudes totais destas axudas de alugueiro?  
Cantas delas foron denegadas? Diga o resultado.

3.- Por que non se publican as denegadas?

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputados do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 06/08/2019 09:45:22**

**Luis Villares Naveira na data 06/08/2019 09:47:47**

**David Rodríguez Estévez na data 06/08/2019 09:48:02**

**Francisco Casal Vidal na data 06/08/2019 09:48:13**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A Asociación Cultural O Sorriso de Daniel vén de denunciar ante a Dirección Xeral de Patrimonio a posible venta de pedra procedente do mosteiro de San Salvador de Asma.l

Dito mosteiro leva anos en venta, e o que fai saltar a alarma é que noutro anuncio publicado nun portal de Internet, co mesmo teléfono de contacto, véndese pedra con características que corresponden á pedra do conxunto monumental.

A Asociación considera especialmente preocupante o feito de que poida tratarse de pedras procedentes da zona “do edificio adosado ao pano sur, que ten un tímpano románico que é unha peza extraordinaria”. Esta peza figuraba nas alegacións ao expediente de BIC da Ribeira Sacra como elemento singular a ser protexido, pero a Xunta decidiu descartalo.

Con todo, San Salvador de Asma foi declarado BIC, na categoría de monumento, de acordo co Decreto, de 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Dita consideración de BIC “acadará todas as súas partes integrantes e elementos pertencentes, polo que serán parte do ben declarado BIC as dependencias ou edificacións anexas que teñan relación cos seus valores culturais, en especial as igrexas e capelas, as edificacións residenciais, as construcións auxiliares de carácter significativo ou funcional e os muros de peche dos predios inmediatos”.



En xaneiro de 2019, o Grupo Municipal Por Chantada-CUP deunos conta da realización de obras no conxunto do mosteiro de San Salvador de Asma, sen constar que exista licenza municipal nin a pertinente autorización da Consellería de Cultura para ditas actuacións.

Tal como se observa en imaxes divulgadas pola Candidatura de Unidade Popular Por Chantada-CUP, téñense realizado actuacións no entorno da adegua, cabaleirizas e entradas do mosteiro, tendo movido terra e introducido pedra do exterior con maquinaria pesada.

Asemade, a veciñanza seguiu denunciando movementos no mosteiro, correspondentes coa remoción de pedra.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta:

Vai a Dirección Xeral de Patrimonio investigar a procedencia das pedras á venda e a legalidade desta?

Impulsou a Dirección Xeral de Patrimonio algunha actuación trala denuncia de obras ilegais no mosteiro?

Que medidas ten previstas a Xunta para protexer o conxunto do mosteiro de San Salvador de Asma, declarado BIC?

Parécelle á Xunta compatible esta permisividade coa destrución de bens patrimoniais coa candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade?

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 06/08/2019 10:44:21**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Nestes días soubemos que os administradores concursais do estaleiro vigués “Vulcano” comunicaron ao Xulgado do Mercantil que leva o procedemento a súa intención de abrir un ERE extintivo para case todo o cadro de persoal da empresa (en concreto, para 69 traballadores).

O Goberno galego e toda a Administración autonómica debería dar unha resposta ante esta situación, impedindo que finalizase a relación contractual cos traballadores e apostando pola aparición dun posible inversor.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que pensa o Goberno galego con relación á situación actual de “Vulcano”, en Vigo?
2. Que ten feito ata o de agora e que vai facer o Goberno a partires deste momento para manter a actividade industrial do estaleiro e os postos de traballo?
3. Ten algunha noticia o Goberno da existencia dun futuro inversor?

Pazo do Parlamento, 06 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
José Manuel Pérez Seco  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 06/08/2019 11:15:51  
**Nº Rexistro: 53465**  
Data envío: 06/08/2019 11:15:51.701

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 06/08/2019 11:10:11**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/08/2019 11:10:22**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/08/2019 11:10:36**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGiYayAXvUy8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e José Manuel Pérez Seco**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No mes de abril dende o Grupo Parlamentario Socialista coñecemos a través do Comité de Unitono Ourense, que a empresa podía estar comezando un proceso de deslocalización do servizo de atención ao cliente a Cataluña e a Colombia, motivos polos cales xa convocou paros e mobilizacións para frear o que podería ser un duro varapau para máis de 130 familias.

A situación dos últimos meses, e tras a apertura por parte da empresa dun centro en Cataluña onde atenden as mesmas chamadas que en Ourense, está a tentarse baleirar de traballo este centro para que as chamadas sexan atendidas dende Cataluña ou Colombia, co obxectivo de abaratar custos e destruír emprego.

Este tipo de situacións véñense repetindo estes últimos anos no sector do telemarketing, sufrindo as traballadoras a presión da deslocalización dos servizos a países con salarios máis baixos, o que provocou centos de despedimentos en moitas compañías (en Galicia, por exemplo, en Atento ou Extel), ademais a situación de precariedade laboral que se vive no conxunto da sociedade, é aproveitada por estas empresas para ofrecer menos garantías laborais ao seu persoal.

O 30 de abril os socialista formulamos unha pregunta urxente no Pleno do Parlamento de Galicia, no que o Goberno galego se comprometeu a manter os contactos precisos coa empresa Naturgy para evitar a deslocalización desta empresa.

Recentemente tivemos coñecemento de que Naturgy decidiu non contar con Teleperformance, comercializadora regulada de Naturgy na Coruña, aínda que alegan estar moi satisfeitos co servizo.

Teleperformance contaba o ano pasado con máis de 100 persoas das que hoxe non queda practicamente ninguén, sendo o obxectivo a deslocalización dunha parte dos servizos que presta esta empresa na Coruña cara Colombia, sendo unha mostra máis da falla de compromiso de Naturgy co territorio. Teleperformance A



Coruña mantén hoxe outros 150 postos de traballo para outra empresa do grupo Naturgy, Unión Fenosa Distribución, que están preocupadas polo seu futuro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. Púxose en contacto a Xunta de Galicia con Naturgy, para interesarse polas intencións da empresa de deslocalizar o seu servizo de comercializadora regulada de Naturgy na Coruña ?
2. En caso afirmativo, adquiriu Naturgy algún tipo de compromiso de mantemento desta actividade?
3. Adquiriu Naturgy algún compromiso de seguir contando cos 150 empregos actuais para Unión Fenosa Distribución?
4. Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a deslocalización destes servizos así como a perda de postos de traballo que a falla de compromiso co territorio da empresa Naturgy está a provocar na nosa comunidade?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha durante a X lexislatura, un plan concreto para o sector do telemarketing, para garantir o mantemento dos postos de traballo na nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 06 de agosto de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Noela Blanco Rodríguez  
José Manuel Pérez Seco

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/08/2019 11:13:34**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 06/08/2019 11:16:35  
**Nº Rexistro: 53468**  
Data envío: 06/08/2019 11:16:35.479

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/08/2019 11:13:47**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/08/2019 11:13:56**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGiYayAXvUy8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena, Paula Quinteiro Araújo e Antón Sánchez García,** deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Existe unha preocupación evidente na poboación do Ortegaleira e no Concello de Cariño, maioritariamente na que depende do sector do mar, en relación co deterioro do principal motor económico do concello: a evidente diminución de determinadas capturas de especies.

Só se falamos de bivalvos, nas áreas de marisqueo como Sismundi e Figueiroa, constatamos nos rexistros da Consellería do Mar preocupantes diminucións. Se revisamos os rexistros de Intecmar e Pescadegalicia constatamos como dun total de 5849 quilos de ameixa fina recollidos no 2001 pasouse a 685 no 2019.

Se observamos outras especies, como o berberecho, pasouse de 4120 no 2006 a 220 quilos no 2013, non recolléndose ningún quilo na actualidade. No que respecta á ameixa xaponesa as capturas decreceron de 14.000 quilos a 82 entre os anos 2001 e 2018. Hai que valorar que o marisqueo era unha fonte de emprego, maioritariamente de mulleres.

Por outra banda, os e as habitantes do concello de Cariño identifican cambios morfolóxicos no calado do interior da ría, especialmente nas parroquias de A Pedra (A Caleira), Sismundi e Feás: constátase a presenza importante de lodos de modo que lugares onde se teñen construído e botado barcos, como constatamos con testemuñas orais en Feás e Sismundi, que xa non resultan accesibles ás embarcacións. O depósito de sedimentos cobre o fondo mariño, que sufriu un empobrecemento ostensible. Precisamente por ese depósito foi necesario un





dragado do Porto de Cariño que está a desenvolverse na actualidade. Hai que sinalar a explotación dunha mina de dunita a ceo aberto na parroquia de Landoi, por onde transcorre o río Seixo que desemboca en Feás, ademais do traslado por terra dese mineral ata o propio Porto de Cariño, onde é acumulado previamente ao seu transporte por mar.

Se nos fixamos no perfil socioeconómico cómpre sinalar que hai escasos anos pechou a penúltima conserveira de peixe que daba emprego a un colectivo significativo de persoas, maioritariamente mulleres, pasando a elevarse de modo preocupante o desemprego global e feminino en particular, acrecentando a desigualdade de xénero.

Por este motivo, a empregabilidade das mulleres cariñesas restrínxese ao sector dos coidados, altamente feminizado, ao sector dos servizos e á reparación de redes, que dificilmente procura ingresos suficientes para o mantemento dunha vida economicamente autónoma.

A desaparición de recursos no sector primario e a mingua do emprego das mulleres tamén se acompañou dun notable avellentamento poboacional e da perda de habitantes. O reflexo máis demoledor obtémolo no Colexio Público, no que de máis de 800 nenos e nenas escolarizadas nos anos oitenta pasouse na actualidade a escasos cento oitenta.

Por este motivo, as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cal é a explicación da Xunta de Galicia sobre a diminución tan significativa de capturas de bivalvos na ría de Ortegal, e no Concello de Cariño en particular?

-Que ten feito a Xunta de Galicia para avaliar e tentar revertir a desaparición do marisqueo no Ortegal, en particular no Concello de Cariño?

-Que ten feito a Xunta de Galicia para paliar a desigualdade de xénero no que respecta á empregabilidade das mulleres do Concello de Cariño?





-Existe algún programa para o desenvolvemento socioeconómico, a formación, diversificación e fomento da empregabilidade na comarca do Ortegal, especialmente con sesgo de xénero?

-Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación económica e demográfica da comarca do Ortegal?

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Antón Sánchez García

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 06/08/2019 12:41:54**

**Paula Quinteiro Araújo na data 06/08/2019 12:42:03**





**Antón Sánchez García na data 06/08/2019 12:42:16**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta **escrita**.

O proceso de selección de persoal para o programa ‘Estache bo’, que se emite na TVG, foi publicado en xullo de 2019 nas redes sociais. Este anuncio diríxese en exclusiva a cociñeiros “varóns” de entre “35 e 70 anos”.

O cásting levarase a cabo o 9 de agosto.

O anuncio, discriminatorio por razón de sexo, foi motivo de indignación en redes.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta:

- Que relación ten a TVG coa selección de persoal do programa “Estache bo”?
- Que opina de que o cásting busque só a “varóns”?
- É responsable a TVG desta selección de persoal?
- Como foi o cásting deste programa?

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 07/08/2019 09:54:11**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal e Paula Vázquez Verao**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre as condicións salariais e laborais das Brigadas Municipais de Prevención e Extinción de Incendios.

Dende o colectivo de bombeiros e bombeiras forestais dos concellos de Galicia (conformado no ano 2018 por máis de 1765 efectivos nas distintas categorías de Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada, Bombeiros/as forestais condutores/as, Bombeiros/as forestais e Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba), constituídos e representados unha gran parte deles pola asociación BOMFOCOGA, mostran unha enorme preocupación e incerteza, tanto polas condicións laborais nas que se atopan, coma polos cambios nas listas de contratación do decreto 37/2006, xa que esta afecta por completo ás listas nas cales este colectivo obtén puntuación por servizos prestados dende case a súa mesma creación.

A realidade na que se atopan a día de hoxe algunhas brigadas contra incendios forestais é sangrante. Exemplo real dunha brigada dun concello ourensán:

- Realización do curso de incendios e probas médicas ao mesmo tempo que outras empresas que non tiñan que ver co sector.
- A proba de oído fíxose coa cámara de insonorización estragada.
- Non se fixo ningunha práctica con motobomba, mangueras, punta de lanza, batelumes...
- As prácticas fixéronse a posteriori do inicio do contrato.



- Cando comezaron a traballar 3 dos 5 compoñentes da brigada estaban sen botas de protección individual, 3 sen lanterna, 5 sen cubrecalugas, fundas e guantes fora da talla que precisan e sen botiquín.
- Vehículo en precario (alertaron a brigada que foran a modo con el que freaba mal). Asento do piloto non regulable. Portas que non pechan. Perda de combustible. Roda de reposto fora do seu habitáculo (mesturada con mochilas, arneses, cascos... )
- Base sen pechadura, aseos nin taquillas.
- Ferramenta de traballo en precario. Rozadoiras solo con fío e sen repostos. Ausencia de material de corta, etc...

Por todo o exposto, os deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Mixto presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

Que balance fai a Consellería de Medio Rural da situación na que se atopan as Brigadas dos Concellos de Bombeiros Forestais?

Pensa mudar a Consellería de Medio Rural este convenio para que as brigadas teñan unhas condicións salariais dignas e iguais entre distintos concellos, así coma epi´s, vehículos, material de traballo, e formación adecuada?

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Paula Vázquez Verao

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.



**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 07/08/2019 10:52:32**

**Paula Vázquez Verao na data 07/08/2019 10:52:40**

**Luis Villares Naveira na data 07/08/2019 10:52:51**

**Francisco Casal Vidal na data 07/08/2019 10:53:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO.

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

As bolsas e axudas ao estudo foron minguando e recortándose de xeito vertixinoso. O alumnado en xeral recibe menos bolsas para axuda á súa formación. As bolsas dependentes do Ministerio de Educación e Ciencia tiveron un recorte máximo na etapa de goberno do PP.

Segundo o Informe a Universidade española en cifras do ano 2014-2015, a financiación media por persoa bolseira rebaixouse ata os niveis do curso académico 2006-2007, chegando aos 2637 euros cando no ano 2012-2013 estas bolsas acadaban os 3256 euros de media por persoa bolseira. No curso 2014-2015 o alumnado recibía un 20% menos de media con respecto ao curso 2012/13.

Segundo o mesmo informe para o curso 2016-2017, no Estado mantéñense os niveis medios de prezos públicos universitarios máis caros da UE, sendo as matrículas de mestrías as 3<sup>as</sup> máis caras da UE. No que respecta a ensino universitario de grao, é o sexto Estado con prezos máis caros.

O Real Decreto 14/2012 de medidas urxentes de racionalización do gasto no ámbito educativo incrementou as diferencias nas taxas, ata acadar unha fenda de 21,6 euros por crédito nos prezos medios aplicados na primeira matrícula nas universidades, chegando en Galicia aos 11,9 €. Isto xera desigualdades que se fixeron visibles a partir o ano 2012/2013, nos que se incrementaron os prezos públicos chegando no caso de Galicia a un 5,1%.



Isto supón diferencias por exemplo entre territorios de prezos de ata o 93% de diferenza na primeira matrícula, mentres que inda que o número de persoas bolseiras aumenta, baixan as contías das bolsas.

Neste ano o Consello Escolar bloqueou temporalmente a tramitación do novo decreto de bolsas do Goberno, por considerar este como unha continuación das políticas de Wert, que impuxo no ano 2013 nas bolsas unha parte fixa e unha variable, ligada aos resultados académicos. Ademais de ser intelixente hai que ser pobre de solemnidade para obter unha bolsa.

Por todo o exposto, a deputada que subscribe presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- 1.- Cantas persoas se quedaron sen bolsa consecuencia da aplicación do Decreto Wert? Cantas por provincia no noso país?
- 2.- Canta xente non puido continuar os seus estudos, por non obter a nota suficiente que permitise a obtención de bolsa?
- 3.- Desas xente canta tivo que devolver as bolsas, a canto ascendeu o importe total por provincia, a cantas persoas afectou e desas devolucións cantos cartos foron en concepto de bolsas, e cantos en concepto de xuros?
- 4.- Canta xente quedou sen formalizar matrícula ou renunciou á mesma, despois de facer a solicitude no noso país? Desglose por centros non universitarios e universitarios e provincias.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 07/08/2019 11:37:33**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O colectivo de enfermeiros e enfermeiras eventuais do Sergas (a maioría son mulleres) vive sometido a un ritmo de traballo que esixe, durante anos, concatenación de contratos, non ter vacacións, permisos de maternidade ou baixas laborais, polas penalizacións que se impoñen ao non aceptar ofertas de traballo, e que impoñen unha mobilidade extrema entre servizos e ausencia total de posibilidades de conciliación familiar e social.

Esta situación afecta a unhas dez mil persoas, enfermeiras e enfermeiros formados e cualificados. A convocatoria de oposicións non resolve a situación, pois sempre son prazas insuficientes.

Tampouco o “contrato de continuidade e estabilidade” non garante tal, pois conleva, por exemplo, ter un contrato de acumulación de tarefas de doce meses en como mínimo dous centros sen garantías de continuidade asistencial ou sigue limitando a posibilidade de ter vacacións, pois as e os profesionais que asuman este contrato cobren as vacacións das compañeiras titulares.

A Asociación de Enfermería Sociosanitaria da Coruña elaborou unha enquisa a enfermeiros e enfermeiras eventuais, considerándose precarios o 89% dos enquisados. Dita enquisa, que recolle datos entre o 11 de marzo e o 16 de maio do 2019, “recolle un total de 808 resultados, dos cales se excluiron 73 debido a respostas inválidas e duplicadas nos resultados finais, quedando finalmente un total de 735 enquisas válidas”.

“O primeiro dato que podemos observar é que o 89,12% das persoas enquisadas foron mulleres mentres que tan só un 10,9% son homes. Do total dos enquisados, un 73,7% non



teñen fillos e a súa media de idade sitúase nos 32,2 anos (sendo 21 anos a idade do máis xove e 54 anos a do máis maior).”

“Destas persoas, a media de anos que pasan anotados nas listas é de 8,14 anos, sendo 24 os anos do que máis tempo leva, e inferior a 1 ano o de menor tempo de permanencia. Un 78,7% dos enquisados levan nas listas 5 anos ou mais; un 44,4% do total levan 10 ou máis de 10 anos.”

“De todos os enquisados, só un 19,2% ten unha vacante ou comisión fronte a un 80,8% que non a teñen. Os que si teñen vacante ou comisión, levan con ela unha media de 3,2 anos. Iso si, para conseguila tiveron que pasar 12,2 anos desde que sumaron o seu primeiro contrato no Servizo Galego de Saúde. A media de contratos asinados non último ano é de 24 contratos, superando os 300 contratos a persoa que máis número deles asinou.”

O Consello de Contas, nos seus informes de fiscalización referidos ao Sergas, remitidos este mes de xullo ao Parlamento, indica que “os índices de temporalidade continúan sendo altos, 40% en atención especializada e 28,1% en primaria (datos de 2017), observándose un incremento interanual deles. No ano 2016 situábanse, respectivamente, nun 37,6% e nun 26,3%”. Así, o Consello de Contas desmenten as falacias do xerente do Sergas e do propio Presidente Feijóo, que afirmaron, respectivamente que a precariedade “non é unha situación habitual, o 85% do persoal do Sergas ten vínculos estables” e que o 88% do persoal do Sergas ten un “nomeamento definitivo”.

O labor enfermeiro é imprescindible nun sistema sanitario público que aspire á calidade, e debe ser valorado na súa faceta asistencial, investigadora e docente, así como en postos de responsabilidade no deseño de políticas de saúde pública e xestión.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Como valora o Sergas os datos da enquisa da Enfermaría galega precaria?



- Considera a Xunta que coa xeralización deste tipo de contratacións en enfermaría se permite a especialización?
  
- Considera a Xunta compatible este tipo de contratos coa conciliación?
  
- Por que menten o Xerente do Sergas e o Presidente da Xunta sobre as cifras da estabilidade laboral no Sergas?
  
- Cal é a dotación actual de enfermeiros e enfermeiras?
  
- Cal é a rateo de persoal de enfermaría en cada hospital do Sergas e en cada distrito sanitario? Cal é o número de contratos inferiores a un ano en cada distrito sanitario?
  
- Cales son as previsións de necesidades de enfermeiros e enfermeiras?
  
- Cantas vacantes de enfermaría existen no SERGAS e cal é a programación ao respecto da súa cobertura e con que modalidade de contrato?
  
- Cales son as estimacións de convocatoria de prazas nas sucesivas oposicións para profesionais de enfermaría?
  
- Que vai facer a Xunta ante a enorme precariedade laboral dos e das enfermeiras eventuais do Sergas?
  
- Que datos ten a Xunta sobre eventualidade en enfermería, auxiliares, celadores/as e especialistas?

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 07/08/2019 12:19:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as axudas de aluguer enmarcadas no Plan estatal de Vivenda 2018-2021 para a mocidade e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

A Xunta de Galiza convocou en xullo de 2018 as axudas de aluguer previstas no marco do Plan estatal de Vivenda 2018-2021.

A convocatoria componse de dúas liñas, unha delas dirixida a menores de 35 anos que foi resolta en xullo de 2018, un ano despois e con meses de demora a respecto do prazo previsto nas bases reguladoras da convocatoria que fixaba un período de 5 meses.

Alén do atraso, dun ano, cando a Xunta de Galiza publicou a listaxe de persoas beneficiarias indicou que só foran concedidas as axudas a aquelas solicitudes puntuadas cunha nota superior a 0,541196. Todas aquelas persoas con puntuación inferior a esa nota de corte –malia cumpriren coas condicións exixidas na convocatoria-- ficaron sen axuda “por non dispor de cobertura orzamentaria”, segundo recoñeceu a Consellaría.

En 2018 presentáronse máis de 12.000 solicitudes ás axudas de aluguer –nas distintas liñas-- porén o orzamento do programa apenas chega para cubrir un terzo das mesmas. Neste senso, malia que a resolución de convocatoria e o propio convenio





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

asinado entre a Xunta de Galiza e o Goberno español prevé a posibilidade de introducir mudanzas orzamentarias para atender a demanda dos distintos programas, o Goberno galego optou por deixar tiradas milleiros de persoas.

A mocidade galega atópase nunha situación que imposibilita a súa emancipación. De facto, Galiza sitúase –segundo os datos do Observatorio de Emancipación estatal-- como a terceira comunidade con menor emancipación entre os 25 e 29 anos.

Isto débese ás precarias condicións laborais e salariais que padece a mocidade mais tamén á ausencia dunha política pública e social de vivenda no noso país desde hai unha década.

Exemplo diso é que máis de 4.000 mozas e mozos están inscritos no Rexistro de demandantes de Vivenda Protexida da Xunta, principalmente en aluguer. Unha listaxe de agarda que non avanza pola escasísima oferta de arrendamento público.

A vivenda é un dereito e a Xunta de Galiza é responsábel de o garantir, tamén e especialmente para a mocidade que debe contar coas condicións necesarias para desenvolver un proxecto de vida autónomo e independente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que demorou un ano a Xunta de Galiza en resolver as axudas ao aluguer para menores de 35 anos?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Cantas persoas solicitaron en total as axudas? Cantas foron concedidas? Cantas persoas cumprían os requisitos e viron denegada a súa solicitude por falta de orzamento?
- Vai convocar a Xunta de Galiza estas axudas en 2019? De ser así, cando?
- Cre o Goberno galego que está a garantir o dereito de acceso a vivenda á mocidade galega?

Santiago de Compostela, 07 de agosto do 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2019 13:00:26**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2019 13:00:38**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2019 13:00:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2019 13:00:51**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2019 13:01:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2019 13:01:25**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o investimento da Xunta de Galiza no Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF).

Recentemente nunha entrevista publicada polo xornal La Región, o director do Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF) afirmou contar para a edición de 2019 con 100.000 euros achegados pola Consellaría de Cultura e Turismo da Xunta de Galiza.

O Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego solicitou a través do artigo 9 do Regulamento o convenio asinado entre a AGADIC e a Deputación de Ourense para coñecer a contía económica e condicións da colaboración entre a Axencia e a organización do OUFF.

Neste senso, de acordo co devandito convenio, a AGADIC achegou en 2018 ao OUFF 26.000 euros.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As declaracións do seu director causaron sorpresa e certa estupefacción entre o sector dos festivais de cinema do noso país pola elevada aportación pública coa que contaría o festival ourensán da man da Xunta. Cómpre lembrar que as axudas públicas que a AGADIC destina aos festivais audiovisuais (ren réxime de concorrencia competitiva) contan, en 2019, cun orzamento total de 170.000 euros..

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a contía total que a Xunta de Galiza achega á organización do OUFF e en concepto de que?

- Achega máis recursos públicos que os comprometidos no convenio asinado entre a AGADIC e a Deputación de Ourense?

- É certo que en 2019 a Consellaría de Cultura aportará 100.000 euros á organización deste festival? De ser así, por que e a razón de que programas orzamentarios?

- Cre a Xunta de Galiza que 100 mil euros a un só festival fronte a 170 mil en subvencións para os demais certames representa o interese xeral do sector?

Santiago de Compostela, 07 de agosto do 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2019 13:15:01**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2019 13:15:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2019 13:15:19**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2019 13:15:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2019 13:15:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2019 13:15:49**



## Á Mesa do Parlamento

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Consello da Xunta de Galicia o 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a 1ª fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabegondo, cun orzamento superior a 29,6 millóns de euros.

A referencia do Consello da Xunta de Galicia sinala que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros.

Remata a nota do Consello indicando que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son lograr mellorar as comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráxicos de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débase de lembrar que o dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, por iso define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión social e a liberalización das peaxes.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non pode circunscribirse á conexión da Vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe



de ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a Terceira Rolda, sen custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e segue a ser unha necesidade, coa AP-9 é unicamente unha opción parcial e cativa para todo o entorno metropolitano; iso si, incluso nos tres escenarios analizados polo Ministerio de Fomento a sociedade concesionaria *Autopistas del Atlántico* sería favorecida.

Non obstante, o Plan MOVE 2009-2015 aínda en execución eliminou da súa programación económica para a Vía Ártabra o treito AP-9 – A-6 de 5,4 quilómetros, cando ademais existía un estudo de trazado ata a A-6 que se podería ter desenvolvido como proxecto construtivo.

O Concello de Cambre ten achegado varios informes municipais aos centros directivos da Xunta de Galicia con competencia nesta materia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Axencia Galega de Infraestruturas, sen que a día de hoxe se teñan atendido as incidencias postas de manifesto nos ditos informes.

O pasado 1 de agosto a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) denunciou diante da Fiscalía de Medio Ambiente “O Trazado da Vía Ártabra entre o Polígono de Cambre e a Autovía A6 polo seu elevado impacto ambiental, non avaliado conforme á lexislación vixente, e as irregularidades na súa tramitación”.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para asegurar a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa A-6, para dar efectivo servizo á área metropolitana da Coruña?
2. Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego no trazado da Vía Ártabra para conectar os polígonos de Espírito Santo (Cambre) e Bergondo coa A-6 para garantir a competitividade das empresas asentadas neles?



3. Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para cumprir co acordo de aprobación definitiva do Plan Sectorial tendo en conta o proxecto de trazado presentado polo Concello de Cambre no ano 2006?

Pazo do Parlamento, 07 de agosto de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/08/2019 13:48:20**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/08/2019 13:48:33**

**María Luisa Pierres López na data 07/08/2019 13:48:43**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O IX Congreso de Nacionalidades Europeas, organismo pertencente á Sociedade de Nacións, celebrado entre o 16 ao 18 de setembro de 1933, recoñeceu, por primeira vez, de xeito oficial a Galiza como *nación*.

O Congreso de Nacionalidades Europeas, constituído en 1925, constituíuse como un espazo de atención permanente sobre os dereitos das minorías nacionais, reivindicando o dereito á autonomía e ao libre desenvolvemento cultural, nun contexto posterior á desintegración dos grandes imperios.

Para acadar o recoñecemento como nación dun grupo, este debería estar “organizado nun país europeo”, decidido a conservar e a desenvolver a súa cultura nacional propia, que a maioría do grupo desexase participar no Congreso e que achegara probas ou manifestacións que “evidenciaran a súa existencia mediante signos exteriores demostrativos dunha vida colectiva con carácter duradeiro”, tal como sinala o IGADI.

Galiza é o país de honra na 49ª edición do prestixioso Festival Intercéltico de Lorient, na Bretaña, sendo recoñecida como “Nation” e “pays” de honra. Este recoñecemento como “nación de honra” aparece na propia web oficial de Cultura da República francesa. Con todo, a televisión pública francesa eliminou calquera referencia ao carácter nacional dos pobos representados no festival.

A Xunta, dende a súa conta oficial de twitter, sinalou que “Galicia é o “territorio de honra” na 49 edición deste festival.



O DOG do 1 de xaneiro de 1979 publicou o Decreto que declara o 25 de xullo de cada ano como “Día Nacional de Galicia”.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Que lle molesta á Xunta sobre o feito de que se recoñeza nun festival cultural de gran prestixio a Galiza como nación?
- Que lle molesta á Xunta o feito de que a páxina web oficial de Cultura da República francesa cualifique a Galiza como “nación”?
- Cal foi a motivación da Xunta de rebaixar a caracterización do noso País de “nación” a “territorio”?
- Por que a Xunta renega dos logros acadados historicamente na proxección internacional de Galiza e, concretamente, do seu recoñecemento como nación en 1933 por un organismo da Sociedade de Nacións?
- Que actuacións ten impulsado ou vai impulsar a Xunta para divulgar o fito histórico do recoñecemento internacional de Galiza como nación?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**







**Paula Vázquez Verao na data 08/08/2019 09:47:25**

CSV: BOPGDSPGiYayAXvUy8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O informe 2017 do Valedor do Pobo detalla numerosas vulneracións dos dereitos dos e das pacientes no Hospital Psiquiátrico de Conxo e a carencia de recursos asistenciais para unha axeitada atención, destacando a falta de persoal contratado:

- "insuficiencia xeral de recursos para a atención extrahospitalaria e sociosanitaria"
- carácter "obsoleto" das instalacións.
- necesidade de persoal para atender ás máis de 200 persoas internadas.

Estas deficiencias, sobre todo a falta de persoal, están a provocar, como recolle probado o Valedor, a "sobremedicación de psicofármacos nas unidades destinadas a persoas con máis difícil manexo", ou "o uso das medidas de contención física como castigo".

O Movemento Galego de Saúde Mental denuncia que "o ingreso de persoas con trastornos psíquicos necesitados de asistencia en Unidades de Hospitalización Psiquiátrica para procesos agudos estase a producir con frecuencia fóra das Unidades de Psiquiátrica dos Hospitais Xerais.

Segundo o MGSM, a situación da Psiquiatría en Galiza é resultado da "desplanificación realizada desde o 2009 e do incualificable abandono en Galiza dos plans de reforma iniciados en España hai xa máis de trinta anos".

Tanto ao informe do Valedor como ás denuncias do MGSM a Xunta respondeu como sempre, negando todo: "a rateo de persoal está axustada ás necesidades", "o centro experimenta constantemente obras de mellora e mantemento", "a sobremedicación forma parte da dinámica habitual e está sempre indicada polo facultativo de cada un dos enfermos" ou "xa existe un procedemento corporativo consensuado polos profesionais, sobre



contención mecánica”. E esta é a gran desgraza, xa que é imposible solucionar un problema cando se nega a existencia do mesmo.

Segundo a OMS, a metade dos casos de enfermidade mental iníciáanse antes dos catorce anos. A Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Feafes) valora que entre un 10 e un 20% dos nenos, nenas e adolescentes teñen problemas de tipo psíquico, pero existen sete prazas de ingreso con condicións axeitadas ás súas necesidades en Santiago, mentres o Sergas segue dilatando a posta en marcha dunha nova unidade no Hospital Álvaro Cunqueiro que atenda ás provincias de Pontevedra e Ourense. Unha actuación que xa constaba na Estratexia SERGAS 2014, que en relación á saúde mental recollía a necesidade de "potenciar o desenvolvemento da psiquiatría infanto-xuvenil coa creación de dispositivos de hospitalización psiquiátrica e de hospitais de día infanto-xuvenís".

O MGSM lamenta que tras oito anos de dilación non se cre una unidade específica de atención á saúde mental para a infancia e adolescencia, dotada con novos recursos e que a Xunta limite a súa actuación a reordenar os espazos habilitando un corredor e que a Unidade de Hospitalización en saúde mental para a infancia e adolescencia do Hospital Clínico de Santiago creada en 2012 coa metade das prazas previstas e coa equipa asistencial incompleta continúe nas mesmas condicións precarias da súa inauguración.

A OMS recomenda unha rateo de 8 psiquiatras por 100.000 habitantes. En 2016 (último ano con datos reportados pola maioría dos Estados membros da UE), o Estado español contabilizaba 10,46 psiquiatras por cada 100.000 persoas, mentres a media europea situábase en 18,23 profesionais. E a pesar dunha diferenza de case 8 puntos entre o Estado español e a media europea, en Galiza alcanzamos o récord, estando un 40% por debaixo da media de dotación do Estado en especialistas en psiquiatría e psicoloxía clínicas para a atención á poboación, xa que, en relación á atención psicolóxica, a dotación media en Galiza está nos 3,5 especialistas en psicoloxía por cada 100.000 habitantes, menos da metade do promedio estatal que se sitúa no 5,7.

Así, por exemplo, a área de saúde mental de Vigo conta cunha equipa de 63 profesionais para atender a unha poboación de máis de 500.000 habitantes: 31 psiquiatras, 17



psicólogos/as, 8 MIR en psiquiatría, 4 PIR e 3 EIR. E, mentres tanto, a incidencia da depresión, da ansiedade, dos trastornos de sono e os suicidios (tamén entre adolescentes) están aumentando nos últimos anos.

A falta de infraestruturas, de medios e de persoal obriga á derivación a centros residenciais de promoción da autonomía ou de atención á dependencia das persoas que non dispoñen de praza en saúde mental, pero o sistema de Dependencia non conta con recursos específicos para atender as necesidades destes pacientes.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

1. Realizou, tras o informe do Valedor do Pobo, algunha investigación interna sobre a situación da atención psiquiátrica e psicolóxica que presta o Sergas e, en concreto sobre, rateos de persoal por especialidades, categorías profesionais e centros, tempo medio de atención a cada paciente en consulta; tempo de espera para a primeira consulta e espazo temporal entre consultas sucesivas; pacientes psiquiátricos trasladados a centros de atención á dependencia por falta de camas hospitalarias nos centros do Sergas? E se é así, cal foi o resultado da mesma?
2. Que medidas tomou o Sergas para corrixir as deficiencias estruturais e a falta de persoal na unidade de psiquiatría do Hospital de Conxo recollidas no informe do Valedor do Pobo?
3. Cando vai poñer en marcha a unidade específica de atención á saúde mental para a infancia e adolescencia no Hospital Álvaro Cunqueiro? Con que recursos humanos e materiais específicos contará dita unidade?
4. Vai convocar unha OPE para as categorías de Psiquiatría e Psicoloxía Clínica co número de prazas necesarias para igualar a rateo estatal en ambas as dúas especialidades?



5. Cando vai rematar coa práctica da derivación a centros de dependencia de pacientes psiquiátricos?
6. Vai reclamar ao Estado que incremente a oferta de prazas MIR en Psiquiatría e PIR adaptándoas ás necesidades e demanda actual e de xeito que se acaden as rateos da UE?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 08/08/2019 10:10:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena, Paula Quinteiro Araújo e Eva Solla Fernández,** deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Dentro do contexto do deterioro da sanidade galega propiciada pola política de desmantelamento do sector público, concertacións e privatizacións da Consellería de Sanidade, tivemos coñecemento hai tres anos dun novo concerto co grupo QuironSalud e o seu Instituto de NeuroRehabilitación QuironSalud en Pontevedra.

Este centro defínese como centro de referencia para persoas con Dano Cerebral Adquirido no que respecta á súa neurorehabilitación.

O Servizo Galego de Saúde concertou a derivación de persoas que presentan dano cerebral adquirido con este instituto para a súa rehabilitación neurolóxica. Mais as condicións dese concerto son descoñecidas tanto para o noso grupo como para os usuarios, usuarias e entidades asociativas do ámbito.

Descoñécense os criterios de ingreso e derivación, a duración dos tratamentos conveniados, os termos das estancias e das altas, as derivacións a domicilio, as condicións de institucionalización, etc. Tamén o seu importe económico, a duración do contrato, o ámbito de actuación e o modelo de actuación aplicado.

Mentres, é crecente o número de familias e persoas con Dano Cerebral Adquirido que contactan con asociacións federadas para preguntar sobre estas derivacións e os seus termos clínicos e procedementos administrativos. Algunha delas ten





solicitado en varias ocasións por escrito ao Servizo Galego de Saúde o contrato que regula estas condicións, sen resposta.

En base á necesidade de que a Consellería de Sanidade se atean aos principios de transparencia e acceso á información que debe ter rango público, e de que o Servizo Galego de Saúde sexa quen preste o servizo de neurorrehabilitación evitando a concertación con empresas externas nun exercicio máis de privatización e concertación do sistema sanitario.

Polo anterior, preséntanse as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.<sup>a</sup>) Por que motivo exacto non fomenta a Consellería de Sanidade que esta neurorrehabilitación se desenvolva con recursos asistenciais públicos, investindo no seu desenvolvemento?
- 2.<sup>a</sup>) Cales son as condicións concretas do contrato entre a Consellería de Sanidade e o Instituto de Neurorrehabilitación QuironSalud de Pontevedra en termos económicos, temporais e asistenciais?
- 3.<sup>a</sup>) Cal é o motivo polo que esta información non se fixo pública e non se respostou ás entidades que o solicitaron?
- 4.<sup>a</sup>) Como valora a Xunta de Galicia este déficit na política de transparencia?
- 5.<sup>a</sup>) Cal estima a Consellería de Sanidade que sería o custe de prestar este servizo con recursos propios do sistema público galego de saúde?
- 6.<sup>a</sup>) Como valora a Consellería de Sanidade a demora no inicio da rehabilitación trala alta hospitalaria en persoas con Dano Cerebral Adquirido?
- 7.<sup>a</sup>) De cantos profesionais da psicoloxía, traballo social, logopedia e fisioterapia dispón o Servizo Galego de Saúde para afrontar as necesidades de rehabilitación con recursos públicos das persoas con Dano Cerebral Adquirido?





8.<sup>a</sup>) Estima a Consellería de Sanidade suficientes os recursos humanos e técnicos dos que dispón para afrontar o tratamento integral das persoas con Dano Cerebral Adquirido?

9.<sup>a</sup>) Que medidas concretas ten adoptado a Consellería de Sanidade, á marxe da concertación, para garantir a prestación sanitaria global para a rehabilitación de persoas con Dano Cerebral Adquirido?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**







**Flora María Miranda Pena na data 08/08/2019 10:30:41**

**Paula Quinteiro Araújo na data 08/08/2019 10:30:49**

**Eva Solla Fernández na data 08/08/2019 10:31:01**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A necesidade do dragado do porto deportivo de Foz, Porto Chico, é un tema que se leva denunciando dende fai moitos anos. Pescadores deportivos de forma individual, asociacións, clubs, socorristas e partidos políticos levan anos denunciando a falla de calado que sofre o porto deportivo de Foz, Porto Chico, no que atracan moitas embarcacións e tamén varias zodiacs de salvamento, entre elas a que emprega Protección Civil de Foz e tamén os socorristas de Barreiros.

A nivel político o PSdeG-PSOE de Foz ten amosado publicamente o respaldo ás iniciativas que instaban a Portos de Galicia a acometer de xeito urxente a dragaxe do Porto Chico de Foz. Xa en 2013 aprobouse por unanimidade do Pleno do Concello de Foz unha moción do Grupo Socialista focense na que se lle instaba á Xunta de Galicia a que acometera esta dragaxe.

Na sesión do 11 de maio de 2018 aprobouse por unanimidade unha Proposición non de Lei na Comisión 8ª na que se lle instaba á Xunta de Galicia a que realizara esta obra de dragaxe de xeito urxente. Sen embargo, a día de hoxe a falla de calado e as malas condicións de abrigo das instalacións do Porto Chico de Foz seguen empeorando, sen que a Xunta de Galicia aporte solución algunha.

A falla de calado implica que as embarcacións teñan problemas para entrar e saír de dito porto, coa conseguinte falla de seguridade que isto implica. O problema dáse coa marea baixa que deixa inutilizadas parte das embarcacións atracadas nos pantaláns.

Esta situación complicouse se cabe, máis aínda, a pasada fin de semana cando os socorristas de Barreiros tiveron que actuar dende a praia para socorrer a varios bañistas ante a imposibilidade de empregar a súa zodiac de salvamento, atracada no Porto Chico de Foz, que debido a esa falla de calado impediu saír do porto de Foz ás embarcacións de salvamento.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando ten pensado a Xunta de Galicia licitar o dragado do Porto Chico de Foz?

Pazo do Parlamento, 08 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez  
María Dolores Toja Suárez  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/08/2019 13:37:43**

**María Dolores Toja Suárez na data 08/08/2019 13:37:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, , Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita** relativa á valoración e actuacións a impulsar por parte do goberno galego diante da suba dos prezos dos dereitos de emisión.

O mercado de emisións foi impulsado, na teoría, para dar abeiro aos obxectivos internacionais de redución da contaminación e, particularmente, da emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI). Máis de vinte anos despois do nacemento do protocolo de Kioto, que acabou por establecer no 2005, por vez primeira, obxectivos de redución de emisións netas de GEI para os principais países desenvolvidos baixo un calendario de previsión de cumprimento, o resultado das diferentes medidas impulsadas neste tempo continúa sen garantir os obxectivos fixados no Acordo de París de limitar o quecemento global en menos dous graos e, ao mesmo tempo, ten repercusións importantes sobre a situación da industria galega que cómpre analizar e prever.

Os retos da denominada transición enerxética, entre os que salienta a descarbonización, fan necesario que Galiza desenvolva a súa propia planificación para evitar que, unha vez máis, poida saír perdendo pola toma de decisións en ámbitos estatais ou internacionais sen que sexan tidas en conta as nosas necesidades e potencialidades. Neste sentido, cómpre analizar cal é o impacto para o noso país da





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

evolución do mercado do CO2 e como isto nos afecta, particularmente a nivel industrial, pois non é en absoluto indiferente.

Recentemente coñecíanse as conclusións da enquisa GHS Market Sentiment Survey 2019 realizada entre os membros da IETA (Asociación Internacional de Comercio de Emisións). Nestes prevíase un aumento do prezo medio do carbono, de máis de 27 euros por tonelada para o período 2019-2020 e coa previsión de superar os 36 a partir de 2021. Así mesmo, aínda que observemos só o incremento do último ano, desde a media de 15,88 euros por tonelada do 2018 até os datos máis recentes que sitúan no momento de asinar esta iniciativa o prezo por riba dos 29 euros, é obvio que é un factor máis alá de puntual e diante do que cómpre valorar as súas consecuencias.

Mentres o goberno da Xunta de Galiza permanece en silencio e continúa sen incluír esta cuestión en axenda (abonda constatar, por exemplo, a absoluta ausencia nas Directrices Enerxéticas de Galiza 2020) observamos xa consecuencias que afectan aos galegos e galegas, tanto na configuración dos prezos enerxéticos das e dos consumidores domésticos como tamén na competitividade no tecido industrial. Nestes meses puidemos ver as consecuencias deste modelo especulativo coas paradas produtivas en empresas como a Central Térmica das Pontes ademais de inquedanzas noutros sectores coma o metalúrxico.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Realizou ou vai realizar a Xunta de Galiza algunha análise sobre os efectos, na industria galega, do mercado de emisións? Ao abeiro de que instrumento ou instrumentos?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Considera que este modelo de mercado especulativo favorece a Galiza?
- Como afecta ao sector da produción enerxética? E ao resto da industria galega?
- Dirixiuse o goberno galego ao goberno central para abordar esta cuestión? Con que posición? E resultados?
- Vai defender o goberno galego que Galiza defenda a súa propia planificación para a transición enerxética diante das institucións europeas?
- Que actuacións e vías de diálogo desenvolveu ou vai desenvolver a Xunta de Galiza para consensuar cos axentes sociais e económicos do país

Santiago de Compostela, 09 de agosto do 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 09/08/2019 10:25:38**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/08/2019 10:25:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/08/2019 10:25:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/08/2019 10:26:06**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/08/2019 10:26:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/08/2019 10:26:24**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre o estado de abandono no que se atopa o Souto de Rozabales.

Nas zonas do interior de Galicia consérvanse as mellores representacións dos soutos mansos galegos, plantacións monoespecíficas de castiñeiros enxertados con variedades de froito de calidade, un deles é o de Rozabales, no que medran exemplares de increíbles dimensións, cunha fisionomía moi semellante á de todos os castiñeiros vellos e demoucados de Galicia.

Amosan troncos de grandes dimensións que permanecen sen ramificar ata 2-3 m de altura, onde se forma a cruz e comeza a formarse a copa, que se renova cada poucos anos para aproveitar a leña e a madeira e, sobre todo, para favorecer unha boa produción de castañas de bo calibre.

Este espazo foi declarado Monumento Natural pola Xunta de Galicia no ano 2000 e nel, atopase o castiñeiro de Pumbariños, o castiñeiro coñecido máis antigo de Galicia.

Este souto, emprazado sobre unha área de granitos calcoalcalinos deformados, constitúe unha mostra exemplar do tipo de bosques adevesados de castiñeiros, enxertados, de orixe artificial e explotados secularmente por campesiños e campesiñas galegas para a obtención de castañas e madeira (soutos), e na actualidade case restrinxidos ás provincias orientais. Os soutos, un dos elementos fundamentais do noso patrimonio cultural e natural, representan un ecosistema agrosilvopastoral en equilibrio e posúen unha gran biodiversidade, incluíndo a





presenza de elementos faunísticos pouco comúns na nosa Comunidade Autónoma.

Neste souto encóntranse exemplares de castiñeiro (*Castanea sativa*) de gran lonxevidade (algún de máis de mil anos) e extraordinaria beleza, auténticos monumentos vexetais. Como exemplar sobresaínte debe citarse pola súa singularidade o coñecido como "Castiñeiro de Pumbariños", cuxo perímetro alcanza os 12,15 m.

O estado actual no que se atopa este souto é lamentable, estando os castiñeiros afectados en elevado grado pola avespiña do castiñeiro e polo chancro, e levando anos sen ser sometido a ningunha clase de poda.

Aparte disto, a falta de limpeza no souto, propiedade da administración autonómica, fai que a maleza creza entre os castiñeiros, elevando así o risco de propagación de incendios forestais nun concello con alta actividade incendiaria.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de abandono no que se atopa actualmente o Souto de Rozabales?
2. Pensa a Xunta de Galicia destinar medios materiais suficientes para facer os traballos de demouca, roza, vacinación contra o chancro do castiñeiro e a solta de *Torimus Sinensis* para combater a avespiña neste souto?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto.





**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 08/08/2019 14:17:29**



## Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Recentemente as traballadoras e traballadores dos centros de saúde galegos ven estupefactos como chegan ás súas consultas novas impresoras, malia que as previas estivesen en perfecto estado de funcionamento, e novos bisturís eléctricos (que nalgúns centros duplican as existencias) sen que tiveran sido demandados.

Todo isto ocorre en centros que presentan listas de agarda de ata quince días, con abafante sobrecarga asistencial, con profesionais ausentes por vacacións non substituídas, asumindo o dobre da carga de traballo habitual, con PACs traballando extra para asumir todas as necesidades de saúde non satisfeitas pola atención ordinaria, con descubertos de persoal diario e cobertura de gardas coa metade de profesionais do que establecen os plans funcionais. A isto súmase a improvisación, a carente programación da xestión de persoal e a pretensión de utilizar profesionais en formación como as MIR na cobertura de dotación mínima dos recursos asistenciais.

A atención primaria galega leva anos soportando un incremento na súa presión asistencial mentres se recortaba a dotación de profesionais necesarios e se estiraba e sobrecargaba ao persoal existente. Mentres, ningunha política de xestión digna de recursos humanos que estivese á altura da necesidade de programación do caos asistencial que hoxe en día padecemos.

Sumada a esta carencia de xestión de recursos humanos tamén se improvisa na dotación de recursos tecnolóxicos. Mentres as profesionais tentan resolver problemas de saúde abafadas nas súas consultas reciben con estupefacción





impresoras que non precisaban froito dun investimento que non parece responder a ningunha necesidade sentida.

Resulta curioso que sexa precisamente esta unha das partidas na que aparentemente se vai investir o superávit do orzamento galego, ese que as e os profesionais sanitarios contribuíron a crear co seu esforzo duplicando o traballo en ausencia de gasto en contratación de máis persoal.

Por este motivo, preséntanse as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cal é o orzamento para a compra de material tecnolóxico en forma de impresoras e bisturís eléctricos?
- 2.<sup>a</sup>) Cal é o estudo de necesidades que sustenta tal investimento?
- 3.<sup>a</sup>) Contactaron coas e cos profesionais para coñecer as necesidades tecnolóxicas dos seus centros?
- 4.<sup>a</sup>) Anotaron todos os centros aos que se enviou un bisturí eléctrico este requirimento no plan de necesidades?
- 5.<sup>a</sup>) A onde se destinarán as impresoras retiradas que aínda funcionan?
- 6.<sup>a</sup>) Cal é a empresa ou empresas destinatarias do contrato para o abastecemento de dito material tecnolóxico?
- 7.<sup>a</sup>) Cales son as condicións de contratación no que respecta a publicidade, competencia, concurso e condicións económicas?
- 8.<sup>a</sup>) Que porcentaxe do orzamento dese superávit supón esta compra de equipos tecnolóxicos?
- 9.<sup>a</sup>) Que orzamento adicional se destinou este ano á contratación de profesionais na Atención Primaria de Saúde?





10.<sup>a</sup>) Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a mobilización profesional que demanda máis recursos humanos e que actualmente está denunciando a escasa idoneidade deste investimento?

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 09/08/2019 12:52:15**

**Paula Quinteiro Araújo na data 09/08/2019 12:52:26**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Segundo datos do IGE, máis de 270.000 galegos e galegas viven sós, 125.000 dos e das cales teñen máis de 65 anos. Debido ao envellecemento poboacional e ás baixas cifras de natalidade, os fogares unipersoais irán en aumento nos vindeiros anos, segundo indican as proxeccións de poboación chegarán aos 347.027 no ano 2031, e serán entón o 31,3 % do total.

A pesares de que non hai datos concretos, moitos deles e delas sofren o que se coñece como soidade non desexada, caracterizada porque as persoas que a padecen presentan unha falla ou déficit de relacións interpersoais, e senten a soidade como algo obrigado, que lles produce sufrimento. Trátase polo tanto dun fenómeno social, dunha experiencia fundamentalmente persoal, polo que a súa abordaxe se volve moi complexa.

Aínda que a soidade a pode experimentar calquera persoa, e existen outros colectivos en risco de padecela, son as persoas maiores as que representan as porcentaxes máis elevadas de soidade, e tamén son as que manifestan esta doenza como unha das súas principais preocupacións.

A soidade non desexada nas persoas maiores ten como causas principais: as dificultades de adaptación á xubilación, desvinculación social, circunstancias familiares adversas (viuvez, falla de contacto e dispersión dos fillos e fillas), perda de redes familiares e comunitarias e problemas de saúde (depresión continuada, enfermidades cardíacas, suicidio, maior taxa de mortalidade, estrés...).

Durante estes últimos anos foron moitas as administracións, dentro e fóra das nosas fronteiras, que puxeron en marcha iniciativas cuxo obxectivo é o de previr e abordar esta problemática, unha das máis coñecidas a creación do “Ministerio de la Soidade” no Reino Unido, pero tamén moitas en concellos galegos que elaboraron censos de persoas maiores que viven soas.



Dende o Grupo Socialista consideramos que o problema da soidade non desexada debe ser abordado de forma global por todas as administracións, consideramos necesario e prioritario tomar medidas para previlo e abordalo, a través dun coñecemento científico e estatístico máis profundo. Nesta liña de traballo, o 25 de xuño aprobouse por unanimidade no Parlamento de Galicia, unha iniciativa socialista na que se *“insta a Xunta de Galicia a elaborar durante a X lexislatura, e en colaboración coa Fegamp, un informe que permita dimensionar o impacto do fenómeno da soidade en Galicia.*

*a) Dito documento conterá un censo de persoas maiores que viven soas en Galicia.*

*b) Tendo en conta os resultados deste informe, e en colaboración coa Fegamp, o Goberno de España, e a participación do terceiro sector, elaborar de maneira urxente unha estratexia de prevención e atención á soidade non desexada en Galicia, que aborde de forma integral este fenómeno”.*

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. En que fase se atopan os traballos para que, tal e como se aprobou por unanimidade no pleno do Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia elabore durante a X lexislatura un informe que permita dimensionar o impacto do fenómeno da soidade en Galicia?
2. Mantivo a Xunta de Galicia encontros de traballo coa Fegamp de cara a elaboración de dito informe?
3. En caso afirmativo, en qué datas tiveron lugar ditas reunións?
4. En caso de celebrarse ditos encontros, cales foro as liñas de traballo que se estableceron?
5. Cando ten previsto contar a Xunta de Galicia cun censo actualizado de persoas maiores que viven soas?
6. Cando considera o goberno galego que a nosa comunidade autónoma poderá contar cunha estratexia de prevención e atención á soidade non desexada en Galicia?

Pazo do Parlamento, 09 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/08/2019 09:57:52  
**Nº Rexistro: 53681**  
Data envío: 12/08/2019 09:57:52.429

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 09:39:17**

**Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 09:39:28**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: BOPGDSPGiYayAXvUy8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Entre os principios inspiradores e de alcance que se recollen na *Lei 9/2011, de 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia*, figura “*a promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade, á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista*”.

O Grupo Socialista tivo coñecemento de que o pasado 3 de agosto publicouse na prensa escrita o seguinte anuncio:

*“Queres ser o novo cociñeiro da TVG?”*

*- Buscamos homes de entre 35 e 70 anos que lles encante a gastronomía para que conduzan o programa de cociña.*

*- Un varón que demostre en cada un dos programas a súa desenvolvemento coa realización das receitas.*

*- O casting levarase a cabo o 9 de agosto”.*

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai de que a nosa televisión pública limite o casting para a contratación dun profesional de cociña, só aos varóns?
2. Por que non quería a CRTVG que o programa de cociña o conducira unha muller?
3. Considera que se trata dunha discriminación de acceso ao emprego por razón de sexo?



4. En caso afirmativo, que medidas ten previsto tomar para evitar que volvan a repetirse nos nosos medios de comunicación públicos, casos de discriminación polo feito de ser muller?
5. Finalmente, de que sexo foi a persoa seleccionada para este posto?

Pazo do Parlamento, 09 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
María Dolores Toja Suárez  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 09:41:33**

**María Luisa Pierres López na data 12/08/2019 09:41:45**

**María Dolores Toja Suárez na data 12/08/2019 09:42:22**

**Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 09:42:36**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María Teresa Porritt e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan antes esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Segundo reflicten os datos do Ministerio de Interior, os resultados dos partidos políticos que obtiveron representación no Concello de Ourense nas eleccións municipais celebradas o pasado 26 de maio, foron os seguintes: PSdeG-PSOE 26,33 % , PP 22,57 % , DO 21,54 % , Ciudadanos 8,74 % , e BNG 6,24 % .

O 15 de xuño Gonzalo Pérez Jácome, candidato de Democracia Ourensana ás eleccións municipais, saíu elixido alcalde de Ourense no Pleno de constitución da Corporación municipal. Logrou a maioría absoluta grazas aos votos a favor do seu partido e do PP, en virtude dun acordo subscrito entre as dúas formacións políticas, feito público o día antes da sesión, segundo o cal goberarán en coalición tanto no Concello como na Deputación de Ourense, onde o señor Baltar continuará ao fronte da mesma.

O 22 de xullo o presidente da Xunta de Galicia reuníase co alcalde de Ourense na Delegación territorial da Xunta de Galicia nesta cidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego do encontro mantido o pasado 22 de xullo entre o presidente da Xunta de Galicia e o alcalde de Ourense?
2. Durante este encontro, que proxectos se comprometeu a poñer en marcha en Ourense a Administración autonómica?
3. Cales son os prazos de execución de cada un deses proxectos?
4. Que proxectos se van a desenrolar nos vindeiros anos de maneira conxunta entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense?
5. Como valora a relación institucional existente na actualidade entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense?

Pazo do Parlamento, 09 de agosto de 2019

**Asinado dixitalmente por:**





**Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 09:46:25**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 12/08/2019 09:46:35**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/08/2019 09:46:45**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma Procap Ourense (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos nais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que compre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cando se construíra o mesmo, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten no mesmo serán todos de titularidade pública.

Tralas protestas, non soamente das nais e pais e de toda a esta plataforma cidadá



senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron as rúas para reclamar a Xunta de Galicia que cumprira os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a posible situación do mesmo. Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construíría nun solar de 4 600 metros cadrados cedido polo Concello de Ourense, situado no barrio de Barrocás.

En setembro de 2018 a daquela directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, na actualidade conselleira de Política Social, presentaba en Ourense o proxecto elixido polo xulgado entre os 15 que optaban a ser o futuro centro residencial e de atención a persoas con discapacidade de Ourense, que corresponde a idea “Asiste.00” de Iglesias Veiga Arquitectos de A Coruña, que terá un custo de 5,5 millóns de euros.

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019, contempla un investimento de 600.000 euros para a construción deste centro.

O 16 de xaneiro de 2019 aprobábase sen modificacións e por unanimidade, unha iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista coa seguinte parte resolutiva:

*"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Licitar a obra do centro de atención para persoas con diversidade funcional de Ourense para maiores de 21 anos antes de maio do ano 2019, así como que estean listos os pregos que rexerán o procedemento de adxudicación da mesma e o seu equipamento.*
- 2. Comprometerse firmemente para que o CAPD de Ourense estea a pleno rendemento no ano 2020.*
- 3. Adoptar de maneira urxente todas as medidas precisas para solventar, mentres o CAPD de Ourense non estea a pleno rendemento, a falla de prazas públicas para persoas con discapacidade En Ourense”.*

A conselleira de Política Social presentaba en Ourense o pasado 31 de xullo o proxecto do centro de atención a persoas con diversidade funcional, onde anunciou tamén que a licitación da actuación terá lugar no mes de setembro cando se aprobe no Consello da Xunta a autorización para enviar o procedemento ao Boletín Oficial da Unión Europea.

O 3 de agosto representantes da plataforma Procap reuníronse co director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e a delegada da Xunta en Ourense, para coñecer polo miúdo o proxecto do futuro centro de atención para persoas con



diversidade funcional. Trala xuntanza, a plataforma amosou a súa preocupación pola posibilidade de que a Xunta de Galicia teña previsto que o centro non sexa 100 % de xestión pública.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pode garantir a Xunta de Galicia que o futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense, vai ser de xestión 100 % pública?
2. Cal será o número de prazas de empregados e empregadas públicas que terá o futuro centro?
3. Cando ten previsto a Xunta de Galicia que comecen as obras deste centro?
4. A que se deben as demoras que sofre a construción do futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense?
5. Que medidas está tomando o goberno galego para solventar, mentres o CAPD de Ourense non estea en funcionamento, a falla de prazas públicas para persoas con discapacidade en Ourense?
6. Cando ten previsto a Xunta de Galicia que o CAPD de Ourense estea a pleno rendemento?

Pazo do Parlamento, 09 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 09:50:39**

**Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 09:50:48**





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O xogo patolóxico ou ludopatía é un trastorno caracterizado por un pobre control de impulsos que se manifesta por recorrentes e mal adaptadas condutas de xogo. O DSM-V (Quinta Edición do Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais) inclúe o xogo patolóxico como un trastorno aditivo, o que se denomina adicción sen substancias. O crecemento da ludopatía ou xogo patolóxico está en relación directa co aumento e a difusión, con restricións moi limitadas, da oferta de xogo. A indefensión ante este incremento afecta tanto as persoas máis vulnerables psicolóxicamente, como a aquelas que atravesan tensión emocional ou dificultades económicas.

En España, o incremento do xogo foi exponencial desde a súa legalización en 1977. O noso país é actualmente, xunto con Alemaña, o que maior gasto en xogo per cápita realiza de Europa, e un dos maiores do mundo. Constátase que despois das máquinas comecartos, os xogos on-line supoñen o maior problema neste eido. O perfil do xogador on-line é novo, existindo casos de menores que xogan polo fácil que é vulnerar a lei na internet. O xogo en liña constitúese así como a segunda causa de tratamento por adicción ao xogo. A chegada da rede trouxo a un novo tipo de ludópata, a maioría son homes, teñen estudos, e cada vez son máis novos. Ata hai pouco os xogadores empezaban de media aos 28 anos a apostar, na actualidade esa media está xa nos 18 anos. Entre un 1 % e un 2 % dos adultos teñen adicción ao xogo, mentres que entre os máis novos, as cifras oscilan entre o 3 % e o 8 %. Ademais, a relación entre o tempo de exposición aos xogos on-line e o comezo da adicción é tremendamente curto.

O artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia sinala como “*competencia exclusiva da Comunidade, entre outras, a ordenación dos casinos, xogos e apostas, con exclusión das Apostas Mutuas Deportivo Benéficas*”. Acorde co anterior e como resultado do acordo Estado-Comunidade Autónoma, ditouse o Real decreto 228/1985, de data 6 de febreiro de 1985, polo que se concreta o que, en materia de xogo, son competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

A entrada en vigor da *Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo*, tiña entre os seus obxectivos a protección dos usuarios, a protección dos menores e a





protección dos grupos vulnerables. Por iso, correspóndelle ás administracións públicas contribuír a alcanzalos.

O 12 de abril de 2018 aprobábase por unanimidade, na Comisión 5.<sup>a</sup> do Parlamento de Galicia, unha iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia co seguinte texto:

*“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a previr e combater a ludopatía entre a mocidade poñendo en marcha, entre outras, as seguintes medidas:*

- 1. Habilitar mecanismos de control no risco de máquinas comecartos, con toda a urxencia posible, ao ser o risco de adicción máis estendido.*
- 2. Establecer unha regulación clara, concisa e estrita sobre os distintos programas de incitación á práctica das diversas modalidades de xogo en liña, incidindo fundamentalmente na regulación da publicidade.*
- 3. Realizar campañas de sensibilización e prevención da ludopatía, dotadas orzamentariamente, con proxectos dirixidos a menores e que incorporen a perspectiva de xénero.*
